



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

---

Facultade de Dereito

**Programa simultaneidade do Grao en Dereito e o Grao en Administración e  
Dirección de Empresas**

**CONSECUENCIAS PATRIMONIAIS DERIVADAS DUNHA DISCAPACIDADE  
NO ÁMBITO FISCAL, LABORAL E SUCESORIO**

**Alumna:** María Diéguez Nogueira

**Titor:** Eduardo Cebreiros Álvarez

**Curso 2020/2021**

## ÍNDICE

<b>ABREVIATURAS</b> .....	<b>4</b>
<b>SUPOSTO</b> .....	<b>5</b>
<b>CUESTIÓNS</b> .....	<b>6</b>
<b>I. Análise da situación de falso autónomo. Posible responsabilidade da empresa na que Pablo traballaba derivada desta situación</b> .....	<b>6</b>
<b>I.1 A figura do traballador autónomo, do traballador por conta propia e do TRADE</b> .....	<b>6</b>
<b>I.2 A figura de Falso Autónomo</b> .....	<b>7</b>
I.2.1 Definición e caracteres do Falso Autónomo .....	<b>7</b>
I.2.2 A doutrina do Tribunal Supremo .....	<b>10</b>
I.2.3 A responsabilidade da empresa no caso dos falsos autónomos .....	<b>12</b>
<b>II. Pode Pablo acumular as tres pretensións nun único procedemento?</b> .....	<b>13</b>
<b>III. É compatible a gran invalidez con certa autonomía da persoa?</b> .....	<b>15</b>
<b>III.1 Definición e tipos de incapacidades</b> .....	<b>15</b>
<b>III.2 Gran invalidez</b> .....	<b>16</b>
<b>IV. Diferenzas e correlacións entre o grao de discapacidade, dependencia e a incapacidade laboral</b> .....	<b>18</b>
<b>IV.1 Grao de discapacidade</b> .....	<b>18</b>
<b>IV.2 Grao de dependencia</b> .....	<b>20</b>
<b>IV.3 Diferenzas e correlación entre a discapacidade e a dependencia</b> .....	<b>21</b>
<b>IV.4 Incapacidade laboral</b> .....	<b>22</b>
IV.4.1 Incapacidade temporal .....	<b>22</b>
IV.4.2 Incapacidade permanente .....	<b>23</b>
<b>V. É accidente laboral todo incidente sucedido no posto de traballo?. Que determina está cualificación? Elementos probatorios do nexos causal e presuncións.</b> .....	<b>25</b>
<b>V.1 O accidente laboral</b> .....	<b>25</b>
<b>V.2 Presunción da existencia de accidente traballo</b> .....	<b>26</b>
<b>V.3 Nexos causal</b> .....	<b>28</b>

<b>VI. ¿Pode Pablo iniciar unha actividade laboral despois de concedida a gran invalidez? En caso de ser así, perdería o seu dereito a pensión? Podería exercer de arquitecto ou estar relacionado o seu traballo co que realizaba antes da incapacidade? Podería seguir a súa labor de voluntario? Réxime de compatibilidades da percepción da pensión contributiva.....</b>	<b>29</b>
<b>VI.1 Compatibilidade da prestación coa actividade laboral.....</b>	<b>29</b>
<b>VI.2 Prestacións económicas.....</b>	<b>30</b>
<b>VI.3 Compatibilidade da pensión por gran invalidez e o traballo. ....</b>	<b>31</b>
VI.3.1 Tese restritiva.....	34
VI.3.2 Tese laxa .....	35
<b>VI.4 Efectos da lexislación e xurisprudencia ao caso concreto.....</b>	<b>35</b>
<b>VII. O diñeiro que mensualmente lle dan os seus pais, debería ser considerado a conta da súa futura herdanza? Podería ser considerado ese diñeiro como patrimonio protexido? Análise de institucións como a colación, mellora, anticipo da herdanza ou herdanza en vida. ....</b>	<b>36</b>
<b>VII.1 A Colación.....</b>	<b>36</b>
<b>VII.2 A mellora .....</b>	<b>39</b>
VII.2.1 Clases de mellora.....	40
<b>VII.3 Anticipo de herdanza ou herdanza en vida. ....</b>	<b>41</b>
VII.3.1 Os pactos sucesorios.....	42
<b>VII.4 O Patrimonio protexido dos incapaces .....</b>	<b>43</b>
VII.4.1 Constitución do patrimonio .....	44
VII.4.2 Aportacións ao patrimonio .....	45
<b>VIII. CONCLUSIÓNS .....</b>	<b>45</b>
<b>BIBLIOGRAFÍA.....</b>	<b>49</b>

## **ABREVIATURAS**

<b>AT</b>	Accidente de Traballo
<b>AVD</b>	Actividades da Vida Diaria
<b>BVD</b>	Baremo de Valoración
<b>CC</b>	Código Civil
<b>CE</b>	Constitución Española
<b>ET</b>	Lei Estatuto dos Traballadores
<b>GI</b>	Gran Invalidez
<b>INSS</b>	Instituto Nacional da Seguridade Social
<b>IP</b>	Incapacidade Permanente
<b>IT</b>	Incapacidade Temporal
<b>LDCG</b>	Lei Dereito Civil de Galicia
<b>LISOS</b>	Lei de infraccións e sancións do Orde Social.
<b>LPPPD</b>	Lei Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade
<b>LRXS</b>	Lei Reguladora da Xurisdición Social
<b>LXDD</b>	Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de Dependencia
<b>LXSS</b>	Lei Xeral da Seguridade Social
<b>SS</b>	Seguridade Social
<b>STS</b>	Sentenza do Tribunal Supremo
<b>STSX</b>	Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza
<b>SXS</b>	Sentenza do Xulgado do Social
<b>TA</b>	Traballador Autónomo
<b>TRADE</b>	Traballador Autónomo Economicamente Dependente
<b>TS</b>	Tribunal Supremo
<b>TSX</b>	Tribunal Superior de Xustiza

## SUPOSTO

Pablo traballa nun estudo de arquitectura dende 2005; primeiro por conta allea e, despois da petición do seu xefe, por conta propia, aínda que non hai solución de continuidade nin no modo no que Pablo traballa, nin no número de horas, nin no uso do material da oficina, nin en outros aspectos. Dada a boa relación co seu xefe, Pablo aceptou non cobrar a indemnización por despido improcedente nin firmou nada: “fiábase” da boa fe do seu empregador co que tiña unha estreita relación dende hai anos.

No 2018, con 29 anos, un día calquera acudiu a traballar ao estudo e, ao abrir a porta do seu despacho no primeiro andar, sentiu unha dor repentina. Esta dor intensa persistiu durante a mañá ata afectar a mobilidade das pernas. Ao final da mañá, o seu “xefe” e os seus compañeiros aconséllanlle irse a casa, onde Pablo percibe como perde a total mobilidade das pernas de maneira rápida. Chama a unha ambulancia dos servizos médicos que o recolle no seu domicilio e o leva ao hospital.

No 2019, despois dun ano da hospitalización de Pablo, danlle o alta cun diagnóstico de “lesión medular dorsal con paraplexía incompleta sensitiva, espasticidade, intestino e vexiga neuróxena”. No informe médico sinálase tamén a necesidade de desprazarse en cadeira de rodas. Tras un tempo utilizando a cadeira de rodas, consegue manexarse con autonomía en contornas adaptadas, pero, a pesar diso, solicita a incapacidade laboral. Concédesele inicialmente unha “incapacidade total”. Tras un recurso administrativo, concédesele a “incapacidade absoluta”. Coñecida a resolución, decide iniciar a vía xudicial para reclamar a “gran invalidez” e paralelamente solicita a declaración de “discapacidade”, que se resolve cunha concesión do 68% e o recoñecemento da necesidade dunha terceira persoa e a dependencia en Grado III.

A demanda xudicial interposta por Pablo, ademais da pretensión do recoñecemento da “gran invalidez”, pretende conseguir tamén o recoñecemento de que a incapacidade foi derivada de accidente laboral. As razóns que alega son que a hernia que lle causou a lesión medular estallou no seu lugar de traballo habitual e dentro da xornada laboral. Igualmente, inclúe a pretensión de ser recoñecido como “falso autónomo”.

Dende o verán de 2020, Pablo colabora voluntariamente coa Asociación de Persoas con Discapacidade de A Coruña, da que é socio e onde recibe rehabilitación. Gustaríalle retomar algún tipo de actividade laboral para complementar a pensión que recibe do Estado pola incapacidade, posto que lle ofreceron varios postos de traballo adaptados a súa situación, como asesorar en materia de accesibilidade e deseño de proxectos de mellora da accesibilidade. Por outra parte, os pais de Pablo queren que poida ter un nivel de vida máis adecuado as súas necesidades actuais e por iso deciden darlle un diñeiro mensualmente para complementar a citada pensión. A súa irmá non lle parece ben este trato diferencial e solicita aos seus pais un anticipo da herdanza.

## CUESTIÓNS

### **I. Análise da situación de falso autónomo. Posible responsabilidade da empresa na que Pablo traballaba derivada desta situación.**

#### **I.1 A figura do traballador autónomo, do traballador por conta propia e do TRADE.**

Para traballar dentro da legalidade podemos establecer diferentes relacións laborais: traballador autónomo, traballador por conta allea/asalariado e traballador economicamente dependente. A análise da situación de falso autónomo fai que necesitemos analizar as diferentes figuras e que con elas pode levar aos traballadores a toparse nunha situación de falso autónomo.

Os traballadores autónomos (TA) son as persoas físicas que realizan de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fora do ámbito de dirección e organización doutra persoa, unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, dean ou non ocupación a traballadores por conta allea. (art. 1 Lei Estatuto do Traballador Autónomo, en adiante ET).

Que os TA realicen de forma habitual e directa supón o carácter profesional do traballo autónomo polo que se diferencia dunha actuación esporádica. O traballo debe ser continuado e ser unha fonte de ingresos esencial para o traballador, entendendo que reporta ao menos a contía do salario mínimo interprofesional.

Se na relación laboral se topase dependencia e connotación allea o traballo deixaría de ser autónomo para ser traballo por conta propia. A dependencia non supón un impedimento para que sexa un traballador autónomo, xa que para iso existe a figura do traballador autónomo economicamente dependente. A nivel económico o que diferencia a un traballador do ámbito do traballo autónomo dun laboral é a participación ou non nas perdas. Se participa, será un traballador autónomo, aínda que pode ser autónomo de igual xeito non participando das perdas pero si levando a cabo a dirección e a organización do traballo.

Nos feitos descritos, don Pablo pasa de ser traballador por conta allea a autónomo, aínda que como veremos trátase dun caso de falso autónomo. Debemos analizar cal é o contido dun contrato de traballador autónomo. Para os contratos de autónomos rexe o principio de liberdade contractual, polo que a tenor do disposto no artigo 7 do ET o contrato poderá ser verbal ou escrito, se ben a forma escrita pode ser requirida por calquera das partes. O contrato levarase a cabo ou ben para a execución dunha obra ou para a prestación de servizos.

Os traballadores autónomos economicamente dependentes (en adiante, TRADE) son os que realizan unha actividade económica ou profesional a título lucrativo e de forma habitual, persoal, directa e predominante para unha persoa física ou xurídica, denominada cliente, do que dependen economicamente, xa que percibe del ao menos o 75% dos seus ingresos por rendementos do traballo(art.11 ET).

A diferenza entre a definición dun TA e dun TRADE radica no requisito de que ao menos o 75% dos ingresos do traballador proveñen dese cliente.

Para ser considerado TRADE establécense unha serie de condicións que o traballador debe reunir como:

- Non ter traballadores ao seu cargo por conta allea nin contratar parte ou toda a actividade con terceiros.
- Non executar a súa actividade de maneira indiferenciada cos traballadores que presten servicios a través dun contrato laboral.
- Dispor de infraestrutura produtiva e materiais propios, necesarios para o exercicio da actividade.
- Desenvolver a súa actividade con criterios organizativos propios.
- Percibir unha contra prestación económica en función do resultado da súa actividade.

En relación co contrato TRADE, a diferenza do contrato co traballador autónomo, é obrigatorio a súa celebración por escrito, se ben a xurisprudencia determinou que a formalidade escrita non é de carácter constitutivo<sup>1</sup>. Ademais é necesario que conste a condición de economicamente dependente. Neste caso o TS pronunciouse para establecer que esta non é unha esixencia formal senón que é un requisito esencial para a existencia de consentimento sobre o vínculo contractual<sup>2</sup>. Débese engadir tamén a aceptación expresa das condicións anteriormente mencionadas xunto coa declaración de que non exerce a profesión conxuntamente con outros profesionais (art.5 ET).

Debemos ter en conta neste punto a distinción entre os contratos laborais e os civís, para elo téñense en conta diversos criterios:

- A realidade debe prevalecer sobre o *nomen iuris* que lle poden dar as partes a relación, xa que a natureza dos contratos deriva do seu contido real.
- O artigo 8 ET presume *iuris tantum* a laboralidade da relación entre quen presta un servizo e quen o recibe. No artigo 1.1 ET delimitase a relación laboral que será aquela que preste servicios de carácter voluntario así como que sexa alleo aos resultados, a dependencia da súa realización e a retribución dos servizos<sup>3</sup>.

Distinguir entre o TRADE e o TA é fundamental por diferentes cuestións como:

- Aos traballadores autónomos non se lles aplica as condicións de traballo establecidas nin na lexislación laboral estatal nin nos convenios colectivos, xa que quedan excluídos do ámbito das fontes reguladoras.
- Aqueles que empreguen os servizos dos traballadores autónomos non teñen a obriga nin de afilialos nin de dalos de alta na Seguridade Social.
- Os preitos entre os traballadores autónomos e os que os contratan coñecen os tribunais civís ou mercantís, pero non os tribunais laborais<sup>4</sup>.

## I.2 A figura de Falso Autónomo

### I.2.1 Definición e caracteres do Falso Autónomo

Os falsos autónomos son persoas que aínda traballando nunha relación de dependencia e allea respecto ao risco e ao resultado do traballo para a empresa, como

<sup>1</sup> STS de 11 de xullo de 2011 (RJ 2011/6391).

<sup>2</sup> STS de 12 de xuño de 2012 (RJ 2012/8539).

<sup>3</sup> STS de 8 de febreiro de 2018 (RJ 2018/589).

<sup>4</sup> Arufe Varela, A. y Martínez Girón, J., 2016. *Dereito Crítico do Traballo* . 4ª ed. Atelier Libros SA, pp.49-50.

faría un traballador por conta allea, tópanse situados no réxime de autónomos, simulando a súa independencia a través doutro tipo de contratos.<sup>5</sup>

Trátase por tanto de traballadores por conta allea que se dotan de características propias do traballo autónomo de xeito fraudulento debido a diversos factores como: non superar un determinado número de traballadores en nómina, xa que isto incrementa as obrigas por parte do empresario como ter representantes electivos, plan de igualdade etc.... así como o aforro dos costes da Seguridade Social como xa mencionamos ao non haber obriga de cotizar pola retribución percibida. Estas prácticas fraudulentas afectan tanto a profesións non cualificadas como as cualificadas.

Os traballadores afrontan unha serie de desvantaxes en contraposición aos dereitos que terían se fose un traballador por conta allea:

- Darse da alta na Seguridade Social no réxime de traballadores autónomos para cotizar exclusivamente ao seu cargo.
- Vacacións non retribuídas.
- Pagar o IVE das facturas que emita.
- Non dispón dun salario mínimo.
- Non opta a unha indemnización por despido.
- As demandas xudiciais dos autónomos tramítense pola vía civil e non social.
- Non dispón de permisos retribuídos como os de maternidade/paternidade, reducións de xornada.
- O falso autónomo non ten dereito a prestación por desemprego agás que cotizara de xeito voluntario por cese de actividade.<sup>6</sup>

Para determinar a existencia dun caso de falso autónomo debemos acudir ao caso concreto e a proba concreta da existencia ou non dunha relación laboral por encima da literalidade do contrato.

### ➤ **Diferenzas entre o asalariado e o falso autónomo**<sup>7</sup>

- Dependencia

A dependencia é un dos elementos máis decisivos na relación laboral. A mesma pode ser técnica, organizativa ou económica. Enténdese como dependencia estar dentro do círculo organicista, reitor e disciplinario da empresa polo que o empregador pode moldear a prestación esixible. Destacan unha serie de indicios que mostran dependencia tales como: estar integrado nun esquema xerárquico, recibir e acatar ordes dun superior ou ser sancionado se se da algún tipo de incumprimento.

- Alleo

Ven determinado polos servizos que o traballador presta ao empresario. Para determinar que existe un carácter alleo atendemos a unha serie de feitos como que o

---

<sup>5</sup> Vallespín Pérez, D., 2018. A controversia figura dos << falsos autónomos >> dende a perspectiva do obxecto da proba. *Práctica de tribunais: revista de dereito procesal civil e mercantil*, (134), p. 2.

<sup>6</sup> Rodríguez Elorrieta, N., 2016. O falso autónomo: Características e medidas encamiñadas a súa protección. *Revista Aranzadi Doctrinal*, (7), p. 2.

<sup>7</sup> Jiménez Laz, D., 2018. Dónde está o límite: A figura do falso autónomo. *Economist & Jurist*. (226). Pp.37-39



custe do traballador o asuma o empresario ou o resultado do traballo repercuta ben de xeito favorable ou desfavorable sobre o empregador.

- **Horario e Vacacións**

Se o traballador está sometido a un horario estrito ou flexible é un indicio de que existe unha relación laboral, pola contra, o traballador autónomo desenvolverá a súa actividade con liberdade.

- **Carácter persoalísimo**

Cando se trata de traballadores por conta allea, estes, están obrigados a relación laboral e non poden substituírse nin transmitir a obriga a outros.

- **Retribucións**

Os traballadores por conta allea dependen do empregador para recibir a retribución, se son cantidades que se perciben de xeito periódico e en contías parecidas.

- **Materiais e centro de traballo**

Os materiais e ferramentas están ligados a dependencia, xa que se o traballador, a hora de realizar o seu cometido, emprega aquelas ferramentas aportadas polo empresario sería un claro indicio de dependencia.

### ➤ **Recoñecemento ao traballador da súa relación laboral**

Cando o falso autónomo decide denunciar a súa situación laboral deberá acudir a diferentes institucións dependendo de se se atopa traballando no centro de traballo ou xa non. No caso de traballar, pode denunciar ante a Inspección de Traballo e Seguridade Social, no escrito debe conter os datos identificativos do traballador, os feitos constitutivos da infracción así como a data e o lugar onde aconteceron e a identificación dos responsables. A Inspección acudirá a empresa e elaborará un informe para confirmar a situación denunciada. De ser confirmada que existe unha relación laboral encuberta, o empresario dará de alta ao traballador no Réxime Xeral da Seguridade Social e pagará as cotas debidas así como intereses e recargos. Polo xeral, o empresario pasado un tempo despide ao traballador, podendo o traballador acudir ao Xulgado do Social por despido improcedente.

Pola contra, se o traballador se atopa fora da empresa e desexa demostrar que existiu unha relación laboral e que a expiración da relación é un despido improcedente debe interpor unha demanda de despido ante o Xulgado do Social.<sup>8</sup>

### ➤ **Mecanismos de control**

Coa finalidade de acabar con esta figura fraudulenta no ámbito laboral, a Inspección elaborou protocolos e guías de actuación para detectar os falsos autónomos. Para facilitar as actuacións da Inspección reformáronse, a través do RD 997/2018, os artigos 31 e 35 do Regulamento Xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.

---

<sup>8</sup> Rodríguez Elorrieta, N , 2016. O falso autónomo: características e medidas encamiñadas a súa protección. Revista Aranzadi Doctrinal (7). Editorial Aranzadi S.A.U. p.2

No artigo 31.3 establécese que as Direccións Provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderán solicitar a Inspección de Traballo e Seguridade Social os informes precisos sobre a concorrencia dos feitos e circunstancias da alta, baixa ou variación de datos solicitada, se ben na redacción anterior estes informes tiñan carácter potestativo, coa reforma tornan nun carácter preceptivo nos procedementos.

Pola súa banda, o artigo 35.7 establece que, as solicitudes de baixa e variación de datos formuladas polas empresas ou traballadores que afecten a períodos comprendidos nas actas estendidas pola Inspección de traballo e a Seguridade social, que dan lugar a procedementos que estean sendo tramitados de oficio pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, non produzan efectos nin extinguirán a obriga de cotizar ata que eses procedementos rematen.

Polo que cando a Inspección de Traballo detecte irregularidades iniciará un procedemento de oficio e dará de alta aos traballadores no Réxime Xeral da Seguridade Social.

## **I.2.2 A doutrina do Tribunal Supremo**

O Tribunal Supremo (en diante, TS) veuse pronunciando nos últimos anos sobre a situación dos falsos autónomos en diferentes sentenzas, se ben debemos destacar en gran medida a Sentenza do TS(en diante, STS) de 25 de setembro do 2020<sup>9</sup>. Esta supuxo un gran avance na loita contra os falsos autónomos nun sector caracterizado pola precariedade laboral como é o sector dos riders. Anteriormente o TS xa creara xurisprudencia entorno aos autónomos nesta situación irregular e que veremos a continuación servíndonos de comparativa co caso que nos incumbe.

No ano 2015 o Tribunal Superior de Xustiza (en diante, TSX) das Illas Canarias<sup>10</sup> resolveu o recurso interposto por un traballador a empresa de ascensores para a que traballaba dado de alta no réxime especial de traballadores autónomos. O traballador argumentou que non estaba suxeito a ningún horario pero si sometido a prazos de realización das tarefas e a un resultado fixo, se ben empregaba o seu vehículo e teléfono, as ferramentas básicas e específicas para o montaxe facilitábas a empresa e o mono de traballo estaba rotulado co logotipo da empresa dos ascensores. Ademais dos propios aparellos que eran aportados pola empresa. Xunto con isto, podía coordinarse con outros traballadores da empresa e realizaba a prestación dos seus servizos de xeito continuado.

O tribunal a raíz dos feitos expostos e ao amparo do artigo 193.c da Lei Reguladora da Xurisdición Social sostén que a relación entre as partes era de natureza laboral. Ampárase ademais noutra sentenza do TS<sup>11</sup> na que se establecen as características diferenciais do contrato de traballo:

- A cualificación dos traballos depende da configuración efectiva das obrigas asumidas.
- No contrato de arrendamento de servizos a relación contractual é un intercambio de obrigas e prestacións de traballo coa contrapartida dun prezo. Cando

---

<sup>9</sup> STS de 25 de setembro de 2020 (RJ 2020/5169).

<sup>10</sup> STSX das Illas Canarias de 29 de abril de 2015 (RJ 2015/778).

<sup>11</sup> STS de 20 de xullo de 2010 (RJ 2010/7275).

concorren as notas xenéricas do traballo co factor alleo do traballo e a dependencia estamos ante a lexislación laboral.

- Os indicios comúns da dependencia máis habituais son: a asistencia ao centro de traballo, sometemento ao horario, desempeño persoal do traballo, a ausencia de organización empresarial propia do traballador...
- Os indicios comúns do alleo son: a adopción do empresario das decisións concernentes a prezos, clientela...

Na propia sentenza tamén se recolle xurisprudencia establecida polo TSX de Galicia ante o caso dun traballador nunha empresa de ascensores. Determinaron que a relación era de carácter laboral baseándose en que tiña unha dependencia da empresa para a prestación dos servizos e a obtención da retribución dos mesmos.

O Xulgado do Social nº 11 de Barcelona no ano 2018<sup>12</sup> recibiu a demanda dos traballadores dunha empresa de servizo a domicilio para que declarase a nulidade e improcedencia dos despidos. Os repartidores eran esenciais para o servizo que prestaba a empresa, a cal aportáballes unha flota de bicicletas e organizaba o horario por quendas. Así, a sentenza concluíu que os traballadores son reais coas características de dependencia co empregador baseándose nos seguintes puntos:

- Os horarios e as vacacións eran marcados pola empresa.
- A facilitación das ferramentas por parte da empresa.
- O préstamo de uniformes.
- O salario percibido é por parte da empresa e non dos restaurantes (que son os propios clientes).
- Establecemento dun sistema de *strikes* para penalizar a impuntualidade.
- Cláusula de exclusividade coa empresa para realizar esa actividade.

Para determinar se estamos ante un contrato laboral hai que ter en conta as notas de dependencia e do alleo. A xurisprudencia entende que hai dependencia cando hai determinados indicios: cando se traballa en locais do empregador, cando están sometidos a xornadas e horarios regulares, así como cando hai control e vixilancia. Por alleo enténdese que o traballador ten garantida unha retribución, independentemente dos resultados da empresa. Estas dúas cuestións danse no caso dos repartidores, xa que tiñan as xornadas e os períodos vacacionais establecidos. No caso da dependencia teñen un salario asignado cunha parte fixa e outra variable.

Por último, convén aludir a Sentenza de 27 de novembro de 2019 do TSX de Madrid<sup>13</sup> que se diferencia das anteriores pois fundamenta a súa decisión na Directiva 2.019/1.152/UE. A finalidade da mesma é mellorar as condicións de traballo a través da promoción dun emprego que ofrezca unha transparencia e unha previsibilidade para garantir a capacidade de adaptación ao mercado laboral.

Ademais busca establecer uns dereitos mínimos aplicables a todos os traballadores da Unión Europea, que teñan un contrato de traballo conforme a lexislación, convenios colectivos e a práctica vixente. No antecedente 8 recolle a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o tribunal estableceu uns criterios para determinar cal é o status dun traballador.

No caso dos traballadores por conta propia non se incluírán, agás que sexa un abuso da condición de traballador por conta propia ben a nivel nacional ou en situación

---

<sup>12</sup> SXS de Barcelona de 29 de maio de 2018 (RJ 2018/178383).

<sup>13</sup> STSX de Madrid de 27 de novembro de 2019 (RJ 2020/135).

transfondeiriza coa finalidade de evitar obrigas xurídicas ou fiscais, estes traballadores entrarán no ámbito de aplicación da Directiva. Afirmar tamén que a relación laboral atenderá aos feitos que realmente se desempeñan no traballo e non a descrición establecida no contrato.

### **I.2.3 A responsabilidade da empresa no caso dos falsos autónomos**

A responsabilidade do empresario ven recollida no Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social (en adiante, LISOS). As infraccións administrativas na orde social son as accións ou omisións dos suxeitos tipificadas e sancionadas na lei. Destacar que o traballador non será sancionado, excepto que estivese de acordo co empresario para defraudar a Seguridade Social.

Para as infraccións dos empresarios que asuman a organización das accións de formación profesional para traballadores por conta propia e asimilados, no artigo 22.2 da LISOS establécese como infracción grave non solicitar a afiliación inicial ou o alta dos traballadores que ingresen ao seu servizo, considerando unha infracción por cada traballador afectado.

Supón tamén unha infracción grave o non ingresar, na forma e prazos regulamentarios, as cotas correspondentes que por todos os conceptos recada a Tesourería Xeneral da Seguridade Social ou non efectuar o ingreso na cota debida. (art.22.3 LISOS)

As sancións establecidas para as infraccións graves correspondentes ao artigo 22.2, no seu grado mínimo consisten nunha multa de 3.126 a 6.250 euros; no seu grado medio, de 6.251 a 8.000 euros e no seu grado máximo de 8.000 a 10.000 euros. (art. 40.1 LISOS).

Para a infracción grave do artigo 22.3 establécese unha sanción (art.40.1.d LISOS):

- No seu grado mínimo: multa do 50 ao 65% do importe das cotas de Seguridade Social e demais conceptos non ingresados, incluíndo recargas, intereses e costas.
- No seu grado medio: multa de 65,01 ao 80%.
- No seu grado máximo, con multa do 80,01 ao 100%.

Xunto con estas sancións, tamén se recollen unha serie de sancións accesorias cando a infracción se corresponda ca do artigo 22.2. Establécese por tanto:

- A perda automática e proporcional ao número de traballadores afectados pola infracción, as axudas, bonificacións e os beneficios derivados de programas de emprego, a perda das axudas, subvencións etc... derivadas de programas de emprego afectará aos de maior cota.
- Os empresarios infractores poderán ser excluídos do acceso a ditas axudas e bonificacións por un período dun ano dende a data de resolución da sanción.

## II. Pode Pablo acumular as tres pretensións nun único procedemento?

As pretensións son as seguintes: recoñecemento da gran invalidez, o recoñecemento de incapacidade derivada de accidente laboral e o recoñecemento da situación de falso autónomo.

No artigo 1 da Lei 36/2011 reguladora da xurisdición social (en adiante, LRXS) recóllese que os órganos xurisdicionais da orde social coñecerán das pretensións que versen sobre materias laborais e da Seguridade Social. É competente por tanto, para a reclamación de recoñecemento da situación de falso autónomo e o recoñecemento de accidente de traballo. Para os casos de gran invalidez tamén coñecerá a xurisdición social.

No artigo 2.o LRXS establécese que serán competentes os órganos xurisdicionais da orde social *“en cuestións litixiosas relativas a valoración, recoñecemento e cualificación do grado de discapacidade, así como sobre as prestacións derivadas da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoas e Atención as persoas en situación de dependencia, tendo a todos os efectos desta lei a mesma consideración que as relativas as prestacións e os beneficiarios da Seguridade Social”*.

Das pretensións coñecerá o Xulgado do Social de A Coruña, posto que a tenor do disposto no artigo 10 LRXS, será competente o xulgado do lugar da prestación de servizos ou do domicilio do demandado, a elección do demandante.

A acumulación é un fenómeno procesual no cal o obxecto do proceso non é unha única pretensión procesual, senón varias. Cada pretensión constitúe o obxecto dun proceso determinado, e cada proceso dispón de tramitación propia. Se ben cando entre os diferentes obxectos procesuais se presentan algúns vínculos, pode que os diferentes procesos teñan unha única tramitación. A acumulación esixe unha pluralidade de pretensións fundadas e a existencia dunha conexión entre as peticións.<sup>14</sup>

A LRXS diferencia tres fenómenos, como son a acumulación de accións, a acumulación de procesos e a acumulación de execucións. Do artigo 25 a 27 LRXS régulase a acumulación de accións. O artigo 25 LRXS establece os requisitos para a acumulación, diferenciándose a obxectiva e a subxectiva. A acumulación obxectiva prodúcese cando un único actor acumula na súa demanda as accións que lle competan contra o demandado, sempre que as poida coñecer o mesmo xulgado (art.25.1 LRXS). Ademais debemos ter en conta que pode acumular na demanda as pretensións que considere necesarias, non tendo porqué ser a totalidade das mesmas e sempre que non resulten incompatibles entre si, tal e como establece o artigo 71.3 da Lei de Axuízamento Civil.

A acumulación subxectiva prodúcese cando se procura un tratamento procesual unitario a unha variedade de pretensións cando de forma simultánea se exerciten as accións dun ou varios actores contra un ou varios demandados. A norma esixe que para que no caso da acumulación subxectiva debe existir un nexo por razón do título ou causa de pedir. Entenderase que hai nexo cando as accións se funden nos mesmos feitos(art.25.3 LRXS).

Nos apartados 25.4 e 25.5 da LRXS régulanse a acumulación de accións relacionadas cos casos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. O artigo 25.4 establece que *“en reclamacións sobre accidentes de traballo e enfermidade*

---

<sup>14</sup> Bajo García, I. (2013). *A acumulación na xurisdición social*. Valencia: Tirant lo Blanch, p.6.

*profesional poderase acumular todas as pretensións de resarcimento de danos e prexuízos derivadas dun mesmo feito, incluso sobre melloras voluntarias, que o traballador prexudicado ou os seus causahabientes dirixan contra o empresario ou outros terceiros que deban responder a resultas do feito causante”. Coa mesma, no artigo 25.5 establece que as demandas derivadas do mesmo accidente de traballo e enfermidade profesional, cando exista máis dun xulgado ou sección da mesma sala e tribunal, no momento da súa presentación repartiranse ao xulgado ou sección que coñecera ou houberse coñecido primeiro de ditos procesos...*

O artigo 25.6 LRXS establece que o actor poderá acumular na súa demanda as pretensións que se deduzan en relación cun mesmo acto ou resolución administrativa cando exista entre eles conexión directa.

No artigo 26 establécense supostos especiais de acumulación de accións. O apartado 1 recolle que non se poderán acumular entre si nin a outras distintas nun mesmo xuízo, nin sequera pola vía da reconvencción, as accións de despido e demais causas de extinción do contrato laboral. Pola contra, no apartado 5 establecece que *“no caso dos traballadores conceptuados polo seu cliente como autónomos economicamente dependentes, se se accionara por despido alegando a existencia de relación laboral, poderán acumular nunha mesma demanda á acción principal de despido e, dentro do mesmo prazo de caducidade que esta, a que poidan formular contra a decisión do cliente de extinguir a relación, con carácter eventual e para o caso de desestimación da primeira”*. Esta regra seguirase tamén para os casos nos que se alegue como principal a relación de autónomo dependente e como subsidiaria a relación laboral, así como no exercicio de outro tipo de accións cando se cuestione a natureza laboral ou autónoma economicamente dependente da relación.

En canto as reclamacións en materia de Seguridade Social (en adiante, SS) non serán acumulables entre si, salvo cando teñan a mesma causa de pedir (art.26.6 LRXS).

No caso de exercitar accións indebidamente acumuladas, o secretario xudicial requirirá ao demandante para que no prazo de catro días emende o defecto, escollendo a acción que pretende manter. Se non a escolle, o secretario dará conta ao tribunal para que acorde o arquivo da demanda (art.27.1 LRXS).

Para a acumulación de procesos débese diferenciar se os procesos son seguidos ante o mesmo xulgado ou diferente. Cando ante un mesmo xulgado se tramiten varias demandas contra un mesmo demandado, aínda que os actores sexan distintos, e se exercitasen nelas accións iguais ou que poidan ser susceptibles de ser acumuladas nunha mesma demanda, acordarase ben de oficio ou a instancia de parte, a acumulación dos procesos (art.28.1 LRXS). En materia de prestacións da SS, se se impugna un mesmo acto administrativo ou actos entre os que hai conexión directa, acordarase a acumulación dos procesos aínda que non coincidan todas as partes nin a posición procesual que ocupen (art.28.2 LRXS).

Ante o exposto e atendendo ao caso concreto debemos diferenciar, primeiramente, contra quen se presentan ditas pretensións. Por unha banda, a pretensión de recoñecemento de gran invalidez e da incapacidade (derivada de accidente laboral) nacen contra unha resolución do INSS, xa que entre as competencias do INSS (Dirección provincial de A Coruña, neste caso) é o recoñecemento e control do dereito as prestacións económicas do Sistema da SS na súa modalidade contributiva, como é o caso da incapacidade permanente así como do recoñecemento da gran invalidez e da

existencia de accidente laboral. Por outra banda, o recoñecemento da situación de falso autónomo, na que a demanda efectuase contra o empregador.

Por tanto, tendo en conta o establecido no artigo 25.1 LRXS na que o actor poderá acumular na súa demanda cantas accións lle competan contra o demandado, aínda procedendo de diferentes títulos. Ademais no artigo 25.6 establece que se poderán acumular nunha mesma demanda as pretensións que aínda provindo de diferentes resolucións administrativas teñan unha conexión directa. Podemos determinar que para o caso concreto de don Pablo sí se poden acumular as dúas primeiras accións, é dicir, a pretensión de recoñecemento de “gran invalidez” e o recoñecemento de que a incapacidade foi derivada de accidente laboral, xa que ámbalas dúas nacen dunha resolución negativa do INSS e están baseadas na lesión medular que sofre don Pablo.

Porén, a pretensión de recoñecemento de falso autónomo contra o empresario non poderá ser acumulada as dúas anteriores. Se ben no artigo 25.3 LRXS recolle a posibilidade de que se exerciten accións cando un actor teña contra varios demandados, sempre que exista un nexos por razón do título ou causa de pedir, é dicir, se funden nos mesmos feitos. Polo que neste punto, como xa vimos, os feitos nos que se fundamentan son diferentes

### **III. É compatible a gran invalidez con certa autonomía da persoa?**

#### **III.1 Definición e tipos de incapacidades**

O artigo 49 da Constitución Española establece que “*os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiriran e ampararaos especialmente para o desfrute dos dereitos que o Título I outorga a todos os cidadáns*”.

Para poder analizar se a gran invalidez é compatible con certa autonomía da persoa é necesario previamente coñecer os diferentes tipos de invalideces así como que implica que se outorgue cada unha delas.

No artigo 193 da Lei Xeral da Seguridade Social (en adiante, LXSS) defínese a incapacidade permanente, na súa modalidade contributiva, como a situación do traballador que despois de estar sometido ao tratamento prescrito, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves, que son susceptibles de ser definitivas, que diminúan ou anulen a súa capacidade laboral.

As incapacidades anatómicas non se dan na mesma intensidade sobre os suxeitos nin afectan de igual maneira a capacidade laboral. Por este motivo, no artigo 194 da LXSS clasifícase a incapacidade en función do porcentaxe de redución da capacidade de traballo do interesado, valorado de acordo coa lista de enfermidades que se aprobe regulamentariamente nos seguintes grados<sup>15</sup>:

- Incapacidade permanente parcial.
- Incapacidade permanente total.
- Incapacidade permanente absoluta.
- Gran invalidez.

---

<sup>15</sup>Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 30 outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (LXSS).

### **Incapacidade permanente parcial**

Esta incapacidade parcial para a profesión habitual é a que lle ocasiona ao traballador unha diminución non inferior ao 33% no seu rendemento normal para a súa profesión, sen impedirlle a realización das tarefas fundamentais da mesma.

### **Incapacidade permanente total**

A incapacidade total inhabilita ao traballador para realizar todas as tarefas fundamentais da súa profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta.

### **Incapacidade permanente absoluta**

É aquela incapacidade para todo traballo que inhabilita por completo ao traballador para toda profesión ou oficio.

## **III.2 Gran invalidez**

É a situación do traballador afecto de incapacidade permanente que debido a perdas anatómicas necesita da asistencia doutra persoa para realizar os actos esenciais da vida, como vestirse, desprazarse e análogos.<sup>16</sup> Diferénciase da incapacidade absoluta en que necesita doutra persoa na vida cotiá.

Os requisitos para a concesión da prestación son os mesmos que para a incapacidade absoluta. Para poder obter certas prestacións é preciso que o beneficiario contribúa previamente por medio da cotización, dependendo da situación protexida esixírase un período ou outro.

Se a incapacidade permanente deriva de accidente (laboral ou non) ou de enfermidade profesional, non se esixe ningún período previo de cotización (art.195.1 LXSS). Pola contra, se a incapacidade permanente total, absoluta ou a gran invalidez deriva de enfermidade común, esíxelle ao traballador un período de cotización segundo a idade do traballador no momento do feito causante, que son os seguintes<sup>17</sup>:

- Se o traballador ten menos de 31 anos de idade cando acaece a incapacidade, debe ter cotizado a metade do tempo entre os 16 anos e o feito causante.
- Se ten cumpridos os 31 anos, debe acreditar ter cotizado  $\frac{1}{4}$  do tempo transcorrido entre a data na que cumpriu os 20 anos e o feito causante, cun mínimo de 5 anos cotizados.
- Polo menos a  $\frac{1}{5}$  parte do período esixible debe estar comprendida dentro dos dez anos anteriores ao feito causante.

O concepto de incapacidade permanente da LXSS vincúlase a actividade profesional polo que pode ser revisada cando se altere a situación declarada e vinculada a actividade profesional. A gran invalidez desvincúlase do carácter profesional e céntrase en que o incapacitado permanente, que o será para a actividade profesional, non pode atender as necesidades esenciais da vida polo que precisa dun terceiro debido a falta de autonomía persoal.

---

<sup>16</sup> Blasco Lahoz, J. e López Gandía, J., 2016. *Curso de Seguridad Social*. Valencia: Tirant lo Blanch, p.465.

<sup>17</sup> Art.195.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 30 outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.



Como xa mencionamos, o noso réxime xurídico aporta diferentes sistemas de protección social como é a Lei Xeral da Seguridade Social, a Constitución Española, así como leis que buscan plasmar os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social como o RD 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social ou a Lei 39/2006 de 14 de decembro, a coñecida como Lei de Dependencia. Estas leis atenden a finalidades diferentes e garanten diferentes prestacións, pero non se observa que o lexislador queira vincular a dependencia ou discapacidade coa incapacidade permanente.<sup>18</sup>

Para poder determinar se a gran invalidez é compatible con certa autonomía, debemos entender primeiramente o concepto de autonomía. A efectos da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia (en adiante, LXDD), a autonomía enténdese como “*a capacidade de controlar, afrontar e tomar, por iniciativa propia, decisións persoais sobre como vivir de acordo coas normas e preferencias propias así como de desenvolver as actividades básicas da vida diaria*”. Así mesmo, define as actividades básicas da vida diaria como “*as tarefas máis elementais da persoa, que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia, tales como : o coidado persoal, as actividades domésticas básicas, a mobilidade esencial, recoñecer persoas e obxectos, orientarse, entender e executar ordes ou tarefas sinxelas*”<sup>19</sup>.

No ano 2017, interpúxose un recurso de súplica, ante a Sala do Social, sección 1 do TSX de Andalucía, contra a sentenza que desestimou unha demanda na que pretendía a revisión do grado de incapacidade permanente absoluta e o recoñecemento da gran invalidez, por padecer visión moi reducida en ámbolos dous ollos xerando unha dependencia lixeira de outra persoa para realizar actividades básicas. Ante isto, o TS responde<sup>20</sup> coa doutrina que o tribunal aplica para a valoración da cegueira a efectos de determinar se constitúe unha gran invalidez ou non. En ditas sentenzas establece que aínda que o beneficiario desenvolva hábitos que lle permiten realizar a maioría de actos da vida cotiá, atópase nunha situación que da dereito a prestación de gran invalidez.

Na mesma tamén se abordan criterios legais e xurisprudencias nos que o recoñecemento da gran invalidez debe atender aos parámetros obxectivos de disfunción e non aos subxectivos singulares que puideran xurdir. Destaca o exposto sobre a imposibilidade do inválido de realizar os actos máis esenciais da vida, encamiñados a satisfacer unha necesidade primaria e ineludible, como a base para que proceda a cualificación de gran invalidez, é dicir, non basta a mera dificultade na realización do acto pero tampouco é preciso que esa necesidade sexa de axuda constante. No caso de que o beneficiario obteña certa autonomía na súa nova situación, non se pode determinar que sexa unha persoa plenamente autónoma, xa que necesita axuda externa. Dita autonomía límitase ao seu domicilio, necesitándoo axuda doutra persoa noutros ámbitos, colocándoo así nunha situación de Gran Invalidez.<sup>21</sup>

O TS a través de sentenzas, como a STS de 3 marzo de 2014<sup>22</sup>, definiu como os actos máis esenciais da vida, os encamiñados a satisfacción dunha necesidade primaria e

---

<sup>18</sup> STS de 9 de xullo de 2020 (RJ 2020/3141).

<sup>19</sup> Artigo 2.1 e 2.3 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia.

<sup>20</sup> STSX de Andalucía de 25 de xaneiro de 2018 (RJ 2018/259).

<sup>21</sup> STSX de Andalucía de 25 de xaneiro de 2018 (RJ 2018/259).

<sup>22</sup> STS de 3 de marzo de 2014 (RJ 2014/1189).

ineludible para poder fisioloxicamente subsistir ou executar os actos indispensables para a seguridade, dignidade, hixiene e decoro fundamental para o humano. Neste punto, non se esixe que a necesidade de axuda dun terceiro veña derivada do impedimento total para todos os actos de tal natureza e que a gran invalidez non é incompatible cun traballo a tempo completo en determinadas actividades laborais.

Por último, mencionar a STS de 19 de febreiro de 2016<sup>23</sup> na que se resolve sobre a gran invalidez dunha muller en situación de paraplexía con consecuencias iguais e similares ao caso que nos ocupa a consecuencia dun accidente de tráfico. A actora da demanda tiña recoñecida unha gran invalidez e unha minusvalía do 84%. Precisaba de cadeira de rodas e sufría intestino e vexiga neuróxena, ao igual que don Pablo. Ademais, non necesitaba axuda permanente doutra persoa, podendo realizar actividades de forma independentemente, como é o caso da condución de vehículos adaptados. O TS sostén que non se debe penalizar a quen con sacrificio persoal e capacidade de autosuperación consegue avanzar minimamente para mitigar o seu déficit de mobilidade. Se se penaliza desincentivaríase a reinserción dos parapléxicos. Polo tanto, é posible certa autonomía co grado de gran invalidez.

#### **IV. Diferenzas e correlacións entre o grado de discapacidade, dependencia e a incapacidade laboral.**

##### **IV.1 Grao de discapacidade**

A discapacidade é unha situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais.<sup>24</sup>

As persoas con discapacidade son aquelas que presentan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensorias, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, poden impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais. (art.4.1 LXDD).

Para cualificar o grao de minusvalía é preciso responder a criterios técnicos unificados xunto con factores sociais complementarios como, o entorno familiar ou a súa situación laboral e que se fixan en baremos establecidos legalmente. O grao valorarase en tanto por cento. A porcentaxe mínima de discapacidade necesaria para que se poida aplicar o baremo dos factores sociais non pode ser inferior ao 25%.<sup>25</sup>

Os órganos encargados de analizar a situación son os correspondentes de cada Comunidade Autónoma se se lle foi cedida para iso a competencia, como é o caso da comunidade galega. Estes órganos pronunciáranse sobre: o recoñecemento de grao de minusvalía, recoñecemento da necesidade de concurso doutra persoa para realizar actos esenciais, así como algunhas valoracións, diagnósticos e orientacións.<sup>26</sup> O procedemento dos órganos galegos recóllese na orde do 25 de novembro de 2015<sup>27</sup> pola

<sup>23</sup> STS de 19 de febrero de 2016 (RJ 2016/609).

<sup>24</sup> Art. 2 do Real Decreto legislativo 1/2013, de 29 novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa inclusión social.

<sup>25</sup> Artigos 4 e 5 RD 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e calificación do grao de minusvalía.

<sup>26</sup> Ibídem, artigo 6.

que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Nos anexos da LXDD figuran as normas a seguir para determinar a discapacidade orixinada por deficiencias permanentes. Neste punto, establécese que:

-O proceso patolóxico que da orixe a deficiencia ten que ser diagnosticado polos organismos competentes.

-O diagnóstico non é un criterio de valoración, senón as consecuencias da enfermidade.

-As pautas de valoración non se basean no alcance da deficiencia senón no efecto da mesma sobre a capacidade para levar a cabo as actividades da vida diaria (en adiante, AVD). A LXDD entende como AVD aquelas que son comúns a todos os cidadáns, ademais ten en conta a descrición das mesmas aportada pola Asociación Médica Americana no 1994, que establece como AVD: actividades de autocoidado, comunicación, actividade física, función sensorial, transporte, sono...

### ➤ **Graos de capacidade**

Distínguense 5 graos:

- Grao 1 (Discapacidade nula): Os síntomas e secuelas, se existen, son mínimos e non supoñen unha discapacidade da persoa para realizar AVD.
- Grao 2 (Discapacidade leve): Os síntomas e secuelas existen e provocan dificultade de levar a cabo AVD, aínda que son compatibles coa práctica totalidade das mesmas.
- Grao 3 (Discapacidade moderada): Os síntomas e secuelas causan unha diminución importante ou imposibilidade da capacidade da persoa para realizar algunhas das AVD pero independente nas actividades de autocoidado.
- Grao 4 (Discapacidade grave): Os síntomas e secuelas causan unha diminución importante ou imposibilidade da capacidade da persoa para realizar a maioría das AVD, podendo estar afectada algunha das actividades de autocoidado.
- Grao 5 (Discapacidade moi grave): Os síntomas e secuelas imposibilitan a realización das AVD.

### ➤ **Clases de deficiencias**

Como xa mencionamos, o grao de discapacidade establécese en porcentaxe, para poder determinala, establécense criterios que se desenvolven ao longo da LXDD. Hai cinco clases que se ordenan de menor a maior importancia segundo a importancia da deficiencia e o grao que orixina, é dicir, os graos e clases gardan relación.

Clase I: Nesta clase atópanse aquelas deficiencias permanentes que foron diagnosticadas e tratadas de xeito adecuado, así como demostradas a través de parámetros obxectivos pero que non producen discapacidade. A porcentaxe asociado a esta clase é do 0%.

Clase II: Recolle as deficiencias permanentes, que cumprindo os parámetros obxectivos que se especifican en cada sistema e orixinando unha discapacidade leve. A esta clase correspóndelle un porcentaxe de entre o 1% e o 24%.

Clase III: Inclúe deficiencias permanentes que dan lugar a unha discapacidade moderada. A porcentaxe que lle corresponde compréndese entre un 25% e un 49%.

Clase IV: As deficiencias permanentes que se establecen cumprindo cos parámetros obxectivos, producen unha discapacidade grave. A porcentaxe que se lle asocia está comprendida entre un 50% e un 70%.

Clase V: Inclúe as deficiencias permanentes severas que cumprindo os parámetros obxectivos e orixinan unha discapacidade moi grave. A porcentaxe asociada é dun 75%.

## IV.2 Grao de dependencia

A dependencia é o estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou da discapacidade, e ligadas a falta ou perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra ou doutras persoas ou axudas importantes para realizar AVD<sup>28</sup>.

A LXDD será aplicada a aqueles que se atopen en situación de dependencia, residan en territorio español e que residiran durante os cinco anos inmediatamente anteriores a data de solicitude, xa que no caso de non ter nacionalidade española aplicaríase outra lexislación.

A prestación económica ten como finalidade promover a autonomía das persoas en situación de dependencia, en calquera dos seus grados. O seu obxectivo é contribuír a contratar unha asistencia persoal.<sup>29</sup>

A dependencia clasifícase nos seguintes grados:

- Grao I: Dependencia moderada.

Cando unha persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria polo menos unha vez o día ou ten necesidades de apoio intermitente para a súa autonomía persoal.

- Grao II: Dependencia severa.

A persoa necesita axuda para realizar varias AVD dúas ou tres veces ao día, pero non quere apoio permanente dun coidador.

- Grao III: Gran dependencia.

Cando a persoa necesita axuda para realizar varias AVD varias veces ao día pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, necesita o

---

<sup>28</sup> Art. 2 Ley 39/2006, de 14 de diciembre, de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia.

<sup>29</sup>Ibídem, artigo 19.

apoio indispensable e continuo de outra persoa ou ten necesidades de apoio xeralizado para a súa autonomía persoal.<sup>30</sup>

Ao igual que a LXDD serán as comunidades autónomas as que determinarán os órganos de valoración da situación de dependencia e emitirán un ditame sobre o grado de dependencia. O baremo a seguir para a determinación será o aprobado polo Goberno a través dun Real Decreto. O actual RD vixente, posto que houbo outro anterior que está derogado, é o RD 174/2011 do 11 de febreiro polo que se aproba o baremo de valoración (BVD) da situación de dependencia establecido pola lei 39/2006.

A través do BVD determinarase algunha das situacións de dependencia reflectidas anteriormente, pois segundo a puntuación final do BVD asignarase un grao e nivel de dependencia diferente. Existen tres graos posibles, como xa mencionamos, e dous niveis de cada grao en función da autonomía persoal e da intensidade do coidado que require de acordo co establecido no artigo 26.2 da LXDD.

Para asignar os graos e niveis o baremo arrojará unha puntuación final o que determinará un grao e dentro do mesmo, o nivel 1 ou 2.

No Grao I (dependencia moderada) o baremo arrojará unha puntuación final de entre 25 e 49 puntos. Entre 25 e 39 sería nivel 1 e entre 39 e 49 nivel 2.

No Grao II (dependencia severa) a puntuación final será de 50 a 74 puntos, sendo de 50 a 64 nivel 1 e entre 65 e 74 nivel 2.

O Grao III (gran dependencia) o baremo establecerá unha puntuación por encima dos 75 puntos. Entre 75 e 89 será nivel 1 e de 90 a 100 nivel 2.

A puntuación obtense mediante a suma ponderada dos valores asignados as tarefas as que se estableceu a situación de deficiente polo coeficiente do tipo de apoio doutra/as persoa/as que se require en relación con cada unha delas.

### **IV.3 Diferenzas e correlación entre a discapacidade e a dependencia.**

A primeira diferenza a destacar entre ambas é que no caso da discapacidade pódese conservar a autonomía e non estar en situación de dependencia, a discapacidade non implica necesariamente dependencia.

Se ben a discapacidade supón a condición de certas persoas que presentan algún tipo de deficiencia e que afecta a súa participación na sociedade, mentres que a dependencia está ligada a falta de autonomía e a necesidade de axuda doutras persoas para a realización das actividades da vida diaria.

Fiscalmente tamén se tratan de xeito diferente. O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) é un tributo de carácter persoal que grava a renda das persoas físicas de acordo coa súa natureza e as súas circunstancias persoais e familiares. O obxecto do mesmo é a renda do contribuínte, entendendo a mesma como a totalidade dos seus rendementos, ganancias e perdas patrimoniais e as imputacións de renda que se estipulen por lei.<sup>31</sup>

---

<sup>30</sup> *Ibidem*, artigo 26.

<sup>31</sup> Art.1 e 2 Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

O mínimo persoal e familiar supón a parte da base liquidable que, por destinarse a satisfacer as necesidades básicas persoais e familiares do contribuínte, non se somete a tributación. O total do mesmo é a suma do mínimo por contribuínte e os mínimos por descendentes, ascendentes e discapacidade<sup>32</sup>. O mínimo do contribuínte está en 5.550 euros anuais (art.57.1 LIRPF).

No artigo 60 LIRPF establécese o mínimo por discapacidade. O mínimo por discapacidade do contribuínte será de 3.000€ anuais cando é unha persoa con discapacidade e de 9.000€ anuais cando sexa unha persoa con discapacidade nun grado igual ou superior ao 65%. Para a LIRPF teñen a consideración de persoas con discapacidade aqueles contribuíntes que acrediten un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%. As pensións provintes de dependencia están exentas de tributar no IRPF.

A discapacidade e a dependencia gardan correlación dende a definición que fai da dependencia a LXDD, na cal unha das razóns pola que se pode dar a dependencia, aparte da idade e a enfermidade, é a discapacidade. No artigo 27 da LXDD que recolle a valoración da situación de dependencia establece que o BVD, valorará se as persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental poden levar a cabo por si mesma as actividades básicas da vida.

No RD 174/2011 do 11 de febreiro polo que se aproba o baremo establécese que as persoas que teñan recoñecido o complemento da necesidade do concurso doutra persoa pola LXDD recoñeceráselles o grao e nivel en función da puntuación específica que outorga o anexo 2 da LXDD (Baremo para determinar a existencia de dificultades para empregar transportes colectivos). Se o baremo arroxa unha puntuación de 15 a 29 puntos establécese un grao I de dependencia nivel 2, para unha puntuación de 30 a 44 puntos recoñécese un grao II de dependencia nivel 2 e para unha puntuación de 45 a 72 puntos recoñécese o grao III de dependencia e un nivel 2.

#### **IV.4 Incapacidade laboral**

A incapacidade laboral pode entenderse como un desequilibrio entres as capacidades funcionais e os requirimentos dun posto de traballo, podendo ser ese desequilibrio transitorio ou permanente.<sup>33</sup>

##### **IV.4.1 Incapacidade temporal**

No caso de se producir un desequilibrio transitorio estaríamos ante unha incapacidade temporal. A incapacidade temporal é unha situación de alteración da saúde do traballador, calquera que fora a causa, pola que recibe asistencia sanitaria da Seguridade Social e que impide de xeito temporal que desempeñe o seu traballo durante un período limitado de tempo.<sup>34</sup> Se non intervén asistencia sanitaria da Seguridade Social non terá dereito a prestación. Terán consideracións de situación determinante de incapacidade temporal as debidas a enfermidade común ou profesional e a accidente,

---

<sup>32</sup> *Ibíd*em, Art. 56.1 e 56.3.

<sup>33</sup> Vicente-Herrero MT, Terradillos García MJ, Aguado Benedí MJ, Capdevila García L, Ramírez Iñiguez de la Torre MV, Aguilar Jiménez E. Incapacidad y Discapacidad. *Diferencias conceptuais e lexislativas*. P.7 Disponible en: <http://www.aeemt.com/>

<sup>34</sup> Blasco Lahoz, J. e López Gandía, J., 2016. *Curso de Seguridade Social*. Valencia: Tirant lo Blanch, p.406.

mentres que o traballador reciba asistencia sanitaria da Seguridade Social e este impedido cunha duración máxima de 365 días, prorrogables por outros 180 cando se presuma que durante eles poida o traballador ser dado de alta médica por curación.<sup>35</sup>

A alteración da saúde produce un déficit de ingresos ao non poder desempeñar a súa actividade laboral polo que a prestación terá un contido económico para paliar o lucro cesante.<sup>36</sup> A contía obtense aplicando un determinado porcentaxe sobre a base reguladora que se regula na Orde do 13 de outubro de 1967<sup>37</sup>. As porcentaxes son as seguintes:

- Se a incapacidade se deriva de accidente laboral e enfermidade profesional, o porcentaxe será do 75%.
- Se deriva de enfermidade común e accidente non laboral, a contía constituirase dende o cuarto día de baixa ata o vixésimo día, aplícase o 60% e en diante o 75%.
- Durante os períodos de observación por enfermidade profesional, a prestación é o 75% da base reguladora<sup>38</sup>.

Como xa referimos, o prazo máximo é de 365 días despois dos cales a situación pode derivar en: prorrogar como máximo 180 días, iniciar un expediente de incapacidade permanente, emitir a alta médica por curación ou demorar a cualificación de incapacidade permanente e prolongar os efectos da incapacidade temporal.

#### **IV.4.2 Incapacidade permanente**

Definimos a incapacidade permanente(en adiante, IP) contributiva como a situación do traballador que despois dun tratamento médico, presenta reducións anatómicas graves e previsiblemente definitivas que diminúen ou anulan a súa capacidade laboral.<sup>39</sup>

Na pregunta 3 abordamos as diferentes incapacidades permanentes que se reflicten no artigo 194 da LXSS, a IP parcial, total, absoluta e a gran invalidez. Polo que neste punto, abordaremos as IP dende o punto de vista económico así como a correlación coa discapacidade e a dependencia. As prestacións rexeranse segundo o tipo de incapacidade.

A prestación establecida para a IP parcial consiste nunha cantidade a tanto alzado. Para a IP total é unha pensión vitalicia que se pode substituír por unha indemnización a tanto alzado cando o beneficiario fose menor de sesenta anos. Se se presume dificultade de obter emprego nunha actividade habitual distinta a anterior, incrementarase a prestación no porcentaxe que regulamentariamente se determine.

---

<sup>35</sup> Art. 169 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 30 outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

<sup>36</sup> Blasco Lahoz, J. e López Gandía, J., 2016. *Curso de Seguridade Social*. Valencia: Tirant lo Blanch, p.408.

<sup>37</sup> Orde do 13 de outubro de 1967 pola que se establecen normas para aplicación e desenvolvemento da prestación por incapacidade laboral transitoria no Réxime xeral da Seguridade Social.

<sup>38</sup> Blasco Lahoz, J. e López Gandía, J., 2016. *Curso de Seguridade Social*. Valencia: Tirant lo Blanch, p.408.

<sup>39</sup> Art 193.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 30 outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

Os afectados cunha IP absoluta recibirán unha pensión vitalicia. Se se cualifica con gran invalidez, terá dereito a unha pensión vitalicia co incremento dun complemento que irá destinado a que o inválido poida pagar á persoa que o atenda.<sup>40</sup>

O RD 174/2011 de 11 de febreiro<sup>41</sup> recolle na súa disposición adicional primeira que as persoas que teñan recoñecido o complemento de gran invalidez, recoñeceráselle a situación de dependencia, co grao e nivel que se determine mediante a aplicación do baremo garantindo. En todo caso váiselles recoñecer o grao I de dependencia moderada, nivel 1.

Tamén vemos correlación entre a dependencia e a discapacidade a hora de determinar as persoas con discapacidade que poden formar parte dos centros especiais de emprego, xa que se teñen en conta as definidas no artigo 4.2 da LXDD polo que se inclúen as persoas que teñen recoñecido o grao de discapacidade do 33% e as que teñen unha incapacidade permanente na Seguridade Social.<sup>42</sup>

Debemos abordar a continuación as STS de 29 de novembro de 2018<sup>43</sup> para as que se unifica a doutrina entorno ao recoñecemento automático da discapacidade superior ao 33% a aquelas persoas que sofren de gran invalidez.

As tres sentenzas teñen uns feitos similares, a Xerencia Territorial dos Servizos Sociais recoñece nos tres casos unha incapacidade para o seu traballo habitual, cunha porcentaxe inferior ao 33% (18,29 e 10%). Ante tales resolucións acoden aos xulgados do social correspondentes, nun dos tres casos admiten a demanda e nos outros dous desestímanas. Impoñen recurso ante os Tribunais Superiores de Xustiza das respectivas comunidades que desestiman os recursos interpostos polos cidadáns e estiman o interposto pola Xerencia Territorial

Estas sentenzas son recorridas coa finalidade dunha unificación de doutrina por mor de que outros Tribunais Superiores si recoñecían o feito de que unha persoa con recoñecemento de Incapacidade Permanente automaticamente adquire un 33% de discapacidade.

A doutrina conclúe que nos atoparemos ante dúas situacións:

A primeira, será a dunha persoa con discapacidade recoñecida do 33% o que lle permite obter os beneficios que outorgaban (están derogadas) as leis 13/1982 (integración social dos minusválidos), 51/2003 (de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade) e 26/2011 (adaptación normativa a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade).

A segunda, serán aquelas persoas que teñen recoñecido o 33% de discapacidade polo feito de ter recoñecida un Incapacidade Permanente. Os beneficios serán os efectos derivados da lei 51/2003.

---

<sup>40</sup> Art.196 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 30 outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social

<sup>41</sup> RD 174/2011, de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola lei 39/2000, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia.

<sup>42</sup> Cabra de Luna, M.A (2019). Nota xurisprudencial: Asimilación das situacións legais de Seguridade Social de incapacidade permanente ao recoñecemento da discapacidade: Sentencias 993/2018 y 992/2018 da Sala do Social do Tribunal Supremo e o seu efecto. *Anales de Dereito e Discapacidade*(4), p.234.

<sup>43</sup> STS de 29 de novembro de 2018 (RJ 2018/992),(RJ 2018/993) e (RJ 2018/994).



## **V. É accidente laboral todo incidente sucedido no posto de traballo?. Que determina está cualificación? Elementos probatorios do nexo causal e presuncións.**

### **V.1 O accidente laboral**

No artigo 156 da LXSS defínese o accidente de traballo(AT) como toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión ou por consecuencia do traballo que execute por conta allea.

Recolle ademais aqueles accidentes que terán a consideración de accidentes de traballo. Son accidentes de traballo os seguintes:

- Os que sufra o traballador ao ir ou ao volver do lugar de traballo. É o que se coñece como accidente “in itinere”, é un AT impropio porque non ten lugar no tempo e lugar de traballo. Neste punto só se inclúen as lesións causadas por accidentes excluindo as enfermidades. O TSX de Galicia na súa sentenza do 19 de febreiro do 2013<sup>44</sup> recolleu a xurisprudencia anterior do TS que afirma que o accidente “in itinere” abarca os accidentes en sentido estrito, lesións súbitas e violentas producidas por axente externo, entre o domicilio do traballador e o lugar de traballo. O esencial radica no feito de ir ou volver do lugar de traballo e non en que o punto de chegada ou volta sexa o domicilio.

- Os que sufra o traballador con ocasión ou consecuencia de desempeñar cargos electivos de carácter sindical así como os que lle ocorran ao ir ou volver de desempeñar as funcións afíns ao seu cargo.

Como cargos electivos enténdense tanto os membros do comité de empresa, delegados de persoal e xunta de persoal, así como calquera outro cargo de representación.

- Os que ocorran por mor das tarefas que execute o traballador, diferente das do seu grupo profesional, en cumprimento das ordes do empresario ou necesarias para o bo funcionamento da empresa. Salvo que exista mala fe, que habería que probala.
- Os que se dan en actos de salvamentos ou de natureza análogo, cando teñan conexión co traballo.
- As enfermidades que non se inclúan no artigo 157 LXSS e que contraia o traballador por realizar o seu traballo consideraranse AT, sempre que se probe que a enfermidade tivo lugar pola execución do mesmo. Estas son as consideradas enfermidades de traballo, que teñen a protección do accidente de traballo pero non se consideran enfermidades profesionais.
- As enfermidades ou defectos, padecidos antes polo traballador pero que se agravan como consecuencia da lesión constitutiva do accidente. O agravamento virá provocado por un accidente, axente externo e súbito, polo que non se inclúen os casos de enfermidades que se agravan pola propia evolución.
- As consecuencias dun accidente que resulten modificadas na súa natureza, duración, gravidade, por enfermidades intercorrentes, que constitúan complicacións derivadas do proceso patolóxico determinado polo accidente. Son

---

<sup>44</sup> STSX de Galicia de 19 de febreiro de 2013 (RJ 2013/125838).

pouco frecuentes. Por exemplo, o caso dun traballador cun corte nun dedo e que na clínica contrae unha infección que deriva na amputación do dedo.

Presúmese, salvo proba en contra, que son accidentes de traballo as lesións que sufra o traballador durante o tempo e lugar de traballo.

A cualificación de AT na práctica é complicada e require a verificación de cada caso concreto para verificar que se produciu o feito e que as presuncións favorables ao traballador non se desvirtuaron. Os tribunais distinguen entre o AT en sentido propio e o AT impropio. O primeiro é o sufrido a consecuencia da execución do traballo, mentres que o segundo prodúcese por causa distinta ao traballo, pero que deu ocasión ao AT, de xeito que se non houberse prestado os servizos non se houberse producido calquera menoscabo físico/psicológico que incidise no desenvolvemento funcional.<sup>45</sup>

A presunción abrangue tanto accidentes como enfermidades como demostrou a xurisprudencia do TS ao longo dos anos.

## **V.2 Presunción da existencia de accidente traballo.**

Na sentenza do TS de 20 de outubro de 2009<sup>46</sup> abórdase a presunción de existencia de AT. Parte dun recurso de casación para a unificación de doutrina a partir dun recurso de casación interposto pola nai dun traballador falecido. Os feitos aconteceron no ano 2006 cando o traballador, durante o transcurso do seu traballo, comezou a sentirse mal, sendo trasladado á sede da empresa por un compañeiro. Unha vez alí, déronlle a opción de chamar unha ambulancia ou trasladarse no coche particular, escollendo esta segunda. Cando o compañeiro acudiu ao coche para o traslado, o traballador faleceu a causa dunha insuficiencia cardíaca aguda, tendo o traballador unha patoloxía isquémica crónica. A nai solicitou ante a Seguridade Social que se recoñecera como accidente de traballo, sendo negativa a resolución. Na sentenza ditada polo Xulgado do Social nº7 de Bilbao declarou o dereito da actora a percepción dunha pensión a favor dos familiares derivada de AT.

A mutua interpuxo recurso de súplica ante o TSX do País Vasco, o cal estima o recurso e revoca a resolución. Por tanto, a nai do traballador recorre ao TS. O TS considera que as lesións cardíacas non son estrañas a relación causal de carácter laboral, no caso concreto, o feito de que houberse unha patoloxía coronaria previa non rompería a presunción.

O artigo 156 LXSS establece a necesidade de proba en contra para excluír a presunción. Esta debe evidenciar de xeito inequívoco a ruptura da relación de causalidade entre o traballo e a enfermidade. É necesario que as enfermidades non sexan susceptibles dunha etioloxía laboral ou que esa etioloxía poida ser excluída mediante proba en contra.

Pola contra, non teñen consideración de accidentes de traballo os seguintes:

- Os debidos a forza maior estraña ao traballo que sexa dunha natureza allea ao traballo que se executaba.

---

<sup>45</sup> Pérez Alonso, M.A (2015). O accidente de traballo e a enfermidade profesional. Valencia: Tirant lo Blanch, pp. 14-15

<sup>46</sup> STS de 20 de outubro de 2009 (RJ 2009/1810).

- Os que se ocasionen por dolo ou imprudencia temeraria do traballador.

Cabe destacar que os tribunais, para os casos como os suicidios, determinaron que é necesario demostrar que o motivo dos mesmos foi por razóns laborais.

En canto á imprudencia temeraria, o TS na sentenza do 18 de setembro de 2007<sup>47</sup> aborda o concepto. Os antecedentes de feito son os dun traballador que ten un accidente de tráfico, por comezar a marcha antes de que o semáforo se poña en verde, impactando así un coche contra o traballador. A mutua considera o accidente coma unha enfermidade común ao non existir os requisitos establecidos pola LXSS. O traballador interpón demanda ante o Xulgado do Social nº6 de Sevilla, o cal declara que a continxencia responde a dun accidente de traballo. Pola súa banda, a mutua interpón recurso de súplica ante o TSX de Andalucía que estima dito recurso, revocando a sentenza anterior. Debido a isto, interpúxose un recurso de unificación de doutrina ante o TS, xa que nun caso similar no que un traballador incumpriu a obriga de conducir con casco, resolveuse o caso de xeito distinto. O TS establece que para considerar que se produciu unha imprudencia temeraria é necesaria unha conducta de gravidade excepcional, unha consciencia clara de perigo e unha exposición ao risco, voluntaria e consciente. Por este motivo, consideraron acertada a impugnación da sentenza na que o traballador retomou a conducción antes de tempo, xa que consideraron que esa conducta consistía nun claro desprezo do risco coñecido e da máis elemental prudencia esixible nesas circunstancias.

Non se entende por forza estraña ao traballo a insolación, o raio ou análogos da natureza. Ademais, poderase cualificar un accidente como de traballo cando interveña a imprudencia profesional, consecuencia do exercicio habitual dun traballo e a confianza que este inspira, así como a concorrencia de culpabilidade civil ou criminal do empresario, dun compañeiro ou dun terceiro, salvo que non garde relación co traballo.

A sentenza do TS de 20 de xuño de 2002<sup>48</sup> recolle o recurso para a unificación de doutrina no caso dun traballador que se dirixía cara o seu coche para trasladarse ao seu posto de traballo, cando un individuo lle disparou causándolle a morte. A súa viúva solicitou pensión de viuvez e orfandade. Esgotada a reclamación previa á vía xudicial, presentou demanda ante o Xulgado do Social nº1 de Ponferrada que estimou a mesma. O TS concluíu que non foi consecuencia dun accidente laboral xa que a agresión levouse a cabo no inicio do traxecto ao centro de traballo, pero a morte foi por causas alleas ao traballador.

Delimitar o concepto de accidente laboral da lugar a numerosos litixios, isto é, determinar se por mor dun accidente de traballo se produciu lesión ou dano. Os motivos residen no concepto legal vixente de accidente de traballo. O importe da prestación será máis alto porque se esixen menos requisitos para acceder á prestación da que se trate.

Dende hai anos veuse interpretando a “lesión corporal”, que refire o artigo 156 LXSS, nun sentido amplo incluíndo nesta os danos e lesións físicas e psicolóxicas, producidas por accidentes e por enfermidades. O feito que sexa “con ocasión ou por consecuencia” do traballo recolle a relación causal entre a lesión e o traballo, é dicir, unha conexión entre ambos en maior ou menor medida.

---

<sup>47</sup> STS de 18 de setembro de 2007 (RJ 2007/8446).

<sup>48</sup> STS de 20 de xuño de 2002 (RJ 2002/7490).

A presunción de causalidade establece en relación co traballo e non coa lesión, que non é discutida.

Unha vez identificamos o que é un accidente laboral, debemos distinguilo doutros conceptos como son a enfermidade profesional, enfermidade común e enfermidade do traballo.

No artigo 157 da LXSS defínese o concepto de enfermidade profesional. Establécese que serán enfermidades profesionais as contraídas como consecuencia do traballo executado por conta allea, nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e desenvolvemento da lei. Por enfermidade común<sup>49</sup> considérase as alteracións da saúde que non teñan a condición de accidentes de traballo nin enfermidades profesionais, recollidas nos artigos 156 e 157 da LXSS.

A enfermidade do traballo non é un concepto legal como tal, se non unha construción doutrinal e xurisprudencial. Emprégase para cualificar como accidentes de traballo certas lesións ou enfermidades profesionais causadas polo traballo, pero que non están recoñecidas como enfermidades profesionais, probando que a causa exclusiva é a execución do traballo. Hai enfermidades que se producen por lesións mecánicas ou físicas de agresión interna como as cardiovasculares, infartos etc... Tamén patoloxías de desenvolvemento lento causadas por axentes externos. O TS ven sendo flexible, prescindindo en ocasións de establecer a relación de causalidade e primando a presunción de tempo e lugar de traballo, ao ser difícil demostrar a relación entre as patoloxías e o traballo<sup>50</sup>.

O accidente de traballo caracterízase polo xogo de elementos estáticos (traballo por conta allea, forza lesiva e lesión) e de elementos dinámicos (relación de causalidade entre o traballo e forza lesiva e entre forza lesiva e lesión).

### V.3 Nexo causal

O caso que nos ocupa basease no diagnóstico dunha lesión medular dorsal con paraplexía incompleta, sensitiva, espasticidade, intestino e vexiga neróxena. A lesión medular é un proceso patolóxico de etioloxía variable que resulta da alteración temporal ou permanente da función motora, sensitiva e/ou autonómica. A etioloxía pode ser conxénita ou adquirida, e dentro das mesmas poden ser traumática ou non traumática. Como a hernia foi a que lle causou a lesión, trátase dunha lesión medular non traumática.

O artigo 156.3 LXSS é un precepto que exige ao traballador da acreditación do nexos de causalidade, sendo lugar e tempo os elementos que determinan o accidente laboral. O nexos subsiste pero alterado na súa esencia. O traballador acreditará que o accidente aconteceu durante a xornada laboral e no lugar onde tivese encomendado realizar a prestación, sen que sexa necesario acreditar as circunstancias precisas do feito lesivo. Do feito base (accidente en lugar e tempo de traballo) dedúcese o feito presumido (cualificación do accidente como de traballo). Corresponde á parte contraria acreditar que, ocorrendo os feitos baixo parámetros espazo-temporais, as circunstancias concretas que rodean o acaecemento do feito lesivo, impiden a súa cualificación como accidente de traballo.

---

<sup>49</sup> Artigo 158 LXSS.

<sup>50</sup> Blanco Lahoz, J e López Gandía, J.; 2016. Curso de prevención de riscos laborais. Valencia: Tirant lo Blanch, p.37.

Para o TS dita presunción non só afecta a accidentes de traballo en sentido estrito ou as lesións producidas pola acción súbita e violenta dun axente exterior, senón tamén a enfermidades ou alteracións dos procesos vitais que poidan xurdir ao traballador causadas por axentes patolóxicos internos ou externos. Para destruír a presunción é preciso que a falta de relación entre a lesión padecida e o traballo realizado se acredite de maneira suficiente, ben porque se trate dunha enfermidade que pola súa propia natureza exclúa a etiología laboral ou porque se alegan feitos que desvirtúen o nexos causal. Ante a incertidume das circunstancias precisas nas que sucedeu o feito lesivo, óptase pola máxima protección ao traballador asumindo a laboralidade do mesmo. O TS leva a cabo unha interpretación extensiva do alcance e do propio concepto de accidente de traballo. O accidente será de traballo polo simple feito de que as primeiras manifestacións da enfermidade acontecen no lugar e tempo de traballo.<sup>51</sup>

O accidente de traballo aséntase sobre a interrelación de: lesión corporal, traballo por conta allea e a existencia dun nexos causal entre traballo e lesión. A relación de causalidade debe analizarse dende unha dobre prisma:

-Debe existir unha relación entre o traballo desenvolto e o acontecemento da forza lesiva, é dicir, o feito desencadéante da posible lesión.

-É necesaria a existencia dunha relación de causalidade entre a forza lesiva e o acontecemento da lesión, que a lesión sexa consecuencia da forza lesiva.

**VI. ¿Pode Pablo iniciar unha actividade laboral despois de concedida a gran invalidez? En caso de ser así, perdería o seu dereito a pensión? Podería exercer de arquitecto ou estar relacionado o seu traballo co que realizaba antes da incapacidade? Podería seguir a súa labor de voluntario? Réxime de compatibilidades da percepción da pensión contributiva.**

### **VI.1 Compatibilidade da prestación coa actividade laboral**

No artigo 35 da CE establécese que todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia.

A función do sistema de pensións é ofrecer unha garantía aos individuos ante situacións de necesidade que se concreta en garantir uns ingresos. A necesidade ten o seu orixe en que ó beneficiario élle imposible gañar sustento polos seus propios medios, ben temporalmente ou de xeito definitivo.

A compatibilidade de realizar unha actividade profesional coa prestación virá determinada pola finalidade que teñan as prestacións. Distínguense así catro situacións diferentes de compatibilidade:

- Compatibilidade plena entre as rendas de activo e as prestacións de carácter indemnizatorio.

A prestación outorgouse porque hai unha situación de necesidade derivada dun aumento dos gastos ou que se limita a indemnizar un dano, polo é compatible coas

---

<sup>51</sup>Valdés Alonso, A., 2012. A volta coa presunción de existencia de accidente de traballo. *Documentación Laboral*, (94), pp.133-134.

rendas do traballo. Son aquelas prestacións asociadas a lesións permanentes non invalidantes ou de auxilio por defunción, entre outras.

- Incompatibilidade relativa entre o traballo e as prestacións substitutivas das rendas de activos.

Son os casos nos que se produce unha perda ou diminución de ingresos e que ante esa situación de necesidade, as prestacións tratan de cubrir o desequilibrio financeiro. En canto aos subsidios, o artigo 175.1.b da LXSS establece que o subsidio por incapacidade temporal poderá ser denegado, anulado ou suspendido cando o beneficiario traballe por conta propia ou allea.

- Incompatibilidade entre as rendas de activo e as prestacións non contributivas.

Estamos ante necesidades reais e non presuntas que se reflicten nun determinado nivel de renda. O artigo 363.1.d da LXSS establece que terán dereito a pensión de invalidez non contributiva os que carezan de rendas ou ingresos suficientes. No punto 5 do mesmo artigo recolle que se consideran como ingresos e rendas calquera ben e dereito, derivado do traballo, do capital e os que teñan natureza prestacional.

- Incompatibilidade entre as rendas de activo e o complemento por mínimos.

As prestacións gardan proporción cos ingresos previos recibidos. Isto pode dar lugar a que se o beneficiario tiña un salario baixo, a súa prestación non alcance a protección necesaria. Por iso, establécese unha contía mínima de prestación, que será diferente atendendo as circunstancias concretas. O artigo 364.1 da LXSS establece que a contía da pensión non contributiva fixarase na Lei de Presupostos Xerais do Estado.

O complemento por mínimos é o importe ao que ten dereito o beneficiario, xunto coa pensión, para alcanzar a contía mínima prevista para as súas necesidades. A finalidade do mesmo é cubrir unha situación de necesidade. Polo tanto ante incrementos ou rendas que superen o limiar sinalado polo lexislador será incompatible coa prestación económica percibida.

### ➤ **Efectos da incompatibilidade entre o traballo e as prestacións**

Nos supostos nos que sexa incompatible o traballo con recibir unha prestación do sistema, non conleva a prohibición de traballar senón a suspensión do dereito a prestación durante a realización dun traballo, xa que de prohibilo entraría en contradición co artigo 35 do CE.

O artigo 23.1 da LISOS establece como infracción moi grave dar ocupación a aqueles beneficiarios de prestacións que sexan incompatibles co traballo por conta allea, cando non se lle dera de alta na SS con anterioridade ao inicio da súa actividade.

## **VI.2 Prestacións económicas**

O artigo 196 da LXSS recolle os diferentes tipos de prestacións e establece que os cualificados cunha incapacidade permanente absoluta percibirán unha pensión vitalicia.

A base reguladora das prestacións por gran invalidez calcularase igual que as da incapacidade permanente total e en función da causa determinante da prestación. Esta

base será diferente se a prestación é por continxencias comúns ou profesionais, xa que no caso das profesionais será común para todos os grados de incapacidade. A base das prestacións derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional será a suma de : Salario diario máis antigüidade multiplicado por 365+ pagas extraordinarias+ suma dos complementos salariais do ano anterior entre os días traballados e isto multiplicado por 273<sup>52</sup>.

A base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns calcularase como o cociente que resulte de dividir por 112 as bases de cotización do interesado durante os 96 meses anteriores ao mes previo ao feito causante. Ao resultado obtido aplicaráselle o porcentaxe que lle corresponda en función dos anos de cotización<sup>53</sup>.

Os beneficiarios que se cualifiquen como gran inválido, recibirán unha prestación que se verá incrementada por un complemento para que o beneficiario remunere a persoa que o atende. O complemento será o resultado de sumar o 45% da base mínima de cotización vixente no momento do feito causante e o 30% da última base de cotización do traballador correspondente a continxencia da que derive a súa situación de incapacidade.

### **VI.3 Compatibilidade da pensión por gran invalidez e o traballo.**

A incapacidade permanente absoluta é aquela que inhabilita ao traballador para a realización das tarefas da súa profesión habitual. A tenor do disposto no artigo 194.2 da LXSS, enténdese por profesión habitual, en caso de accidente, a desempeñada normalmente polo traballador ao tempo de sufrilo.

O artigo 198 da LXSS establece as compatibilidades de prestacións económicas por incapacidade permanente. No 198.1 recóllese que a pensión vitalicia será compatible co salario que poida percibir o traballador na mesma empresa ou noutra diferente, sempre e cando as funcións non coincidan con aquelas que deron lugar a incapacidade permanente. Para os casos de gran invalidez non impedirá o exercicio daquelas actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado de incapacitado e que non representen un cambio na súa capacidade de traballo a efectos de revisión. Se o beneficiario ten idade de acceso á pensión de xubilación será incompatible o desempeño do pensionista cun traballo.

O elemento clave radica no exercicio “de actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado do incapacitado”. Neste ámbito o TS cambiou a súa doutrina a partires do ano 2008. O TS durante anos sostivo unha posición restritiva en canto ás actividades que os incapaces absolutos podían realizar, baseándose en que non podían comprender o núcleo funcional dunha profesión, xa que isto afectaría ao grado de invalidez. As funcións que se podían desenvolver debían ser de carácter marxinal <sup>54</sup>.

A sentenza do TS de 26 de xaneiro de 1989<sup>55</sup> aborda o caso dunha persoa cualificada con invalidez absoluta e que realiza traballos. A actora era empregada do

---

<sup>52</sup> Blasco Lahoz, J. E López Gandía, J. 2016. *Curso de Seguridade Social*. Valencia: Tirant lo Blanch, p.472.

<sup>53</sup> Art. 197 LXSS.

<sup>54</sup> Gala Durán, C.,2013. A compatibilidade entre o traballo e a percepción das pensións por incapacidade permanente total, absoluta e gran invalidez tras a lei 27/2011. *Temas Laborales* (122). p.104.

<sup>55</sup> STS de 26 de xaneiro de 1986 (RJ 1989/302).

fogar cando foi declarada inválida permanente absoluta sen dereito a prestación por non ter cuberto o período de cotización esixible. Pasados uns anos e co tempo de cotización suficiente formulou unha nova solicitude de invalidez permanente absoluta con dereito a prestación que lle foi denegada. Presentou demanda para impugnar dita resolución, sendo esta estimada. O Instituto Nacional da Seguridade Social(en adiante, INSS) presentou recurso de casación. Un dos motivos que articula é que se está a infrinxir un artigo da LXSS, daquelas vixente, no que só se permite aos inválidos permanentes de grado absoluto a realización de traballos marxinais e non os que constitúen actividade propia de profesión. Ante isto, a sala expresa que o precepto non consagra prohibición legal de traballo para o inválido, senón que só eran posibles traballos de tipo marxinal, que non supoñan o exercicio dunha profesión que implique manifestar un cambio na capacidade de traballo.

A sentenza do TS de 13 de maio de 1986<sup>56</sup> resolve o caso dun cidadán que nun primeiro momento se lle recoñeceu unha incapacidade permanente absoluta para todo traballo, derivada dun accidente laboral. Posteriormente, declaróuselle que non se atopaba afecto a ningún grado de incapacidade. O actor acudiu á vía xudicial para impugnar dita resolución e que se lle declarase o grao de incapacidade xunto co dereito a seguir percibindo a prestación correspondente, demanda que foi desestimada. Por isto, interpuxo recurso de casación argumentando que o artigo 138.2 da LXSS, daquela vixente, establecía que a pensión vitalicia dunha invalidez absoluta non impediría o exercicio de aquelas actividades, aínda que sexan lucrativas, compatibles co estado de invalidez. O TS expresa que os traballos aos que se refire o precepto indicado son de carácter marxinal e de pouca importancia, que non requiran darse de alta nin cotizar por eles na SS. Na mesma sentenza recolle a resolución dun caso similar, para a cal a Sala recolleu a doutrina do TS. A mesma impide ao traballador, con incapacidade permanente absoluta, a realización de calquera actividade por liviá e sedentaria que sexa, xa que manter un criterio amplo de interpretación do citado artigo levaría a unha contradición co sistema e conduciría ao absurdo.

Polo tanto, antes do cambio doutrinal do 2008 o TS sostiña unha posición restritiva en canto aos traballos que poderían realizar os cidadáns que teñan recoñecida unha incapacidade permanente absoluta. Estableceron ao longo de diversas sentenzas que as actividades que realizarían non poden ser o núcleo funcional dunha profesión ou oficio, as funcións serían de carácter marxinal. As prestacións e o traballo serán compatibles se non entrañan exercicio dunha profesión ou que os traballos non requiran de alta na SS<sup>57</sup>.

Como xa mencionamos o gran cambio doutrinal deuse no 2018, concretamente nas sentenzas de 30 de xaneiro do 2008 ou 10 de novembro do 2008.

A sentenza de 30 de xaneiro de 2008<sup>58</sup> dá resolución a un recurso de casación interposto polo INSS para a unificación de doutrina. No ano 2006 no Xulgado do social nº 16 de Barcelona, interpúxose unha demanda contra o INSS. Os feitos remóntanse a 2005, cando o actor foi declarado en situación de gran invalidez por enfermidade común, deixando de exercer a súa profesión habitual (pinche de cociña). Posteriormente, comunicou ao INSS o inicio dunha actividade laboral diferente a anterior (realizar planos a ordenador), polo que o INSS iniciou un expediente de revisión

---

<sup>56</sup> STS de 13 de maio de 1986 (RJ 1986/2546).

<sup>57</sup> Gala Durán, C.,(2013). A compatibilidade entre o traballo e a percepción das pensións por incapacidade permanente total, absoluta e gran invalidez tras a lei 27/2011. *Temas Laborales* (122).p.105.

<sup>58</sup> STS de 30 de xaneiro de 2008 (RJ 2008/1984).



da súa incapacidade e suspendeu a prestación. O xulgado estimou a demanda e declarou ao actor o dereito de compatibilizar percibir a pensión de gran invalidez e o traballo por conta allea. O INSS recorreu a sentenza ante a Sala do Social do TSX de Cataluña que ditou sentenza desestimando o recurso de suplicación interposto, polo elo, recórrese en casación ao TS para unificar doutrina. O TS aborda o elemento das actividades compatibles e non determinantes de revisión do grado de incapacidade, determinando que a actividade compatible coa pensión sería á correspondente coa capacidade de traballo que reste ao beneficiario e non integre profesión.

Na mesma sentenza, o TS refire o criterio que sostían: os traballos compatibles son os cometidos laborais que non son obxecto usual de contratación no mercado de traballo, de tipo residual e non constitutivo de medio fundamental de vida. Os traballos non deben manifestar un cambio na súa capacidade de traballo porque senón produciríase unha revisión coas conseguíntes consecuencias económicas.

O TS expón que a incompatibilidade que se trata ten un efecto desmotivador sobre a reinserción laboral de quen se atopa nunha gran invalidez. Aínda que un novo traballo tería eficacia de cara prestacións futuras, a suspensión da pensión, por percibir ingresos, privaría de estímulo económico unha actividade que se realizaría por parte do inválido cun gran esforzo. Baséanse no que supoñen a día de hoxe a incorporación das novas tecnoloxías, informáticas e de teletraballo, que dan a oportunidade de pluralidade de actividades laborais a aqueles que teñen unha gran invalidez, posibilitando a reinserción dos traballadores.

Por todo o exposto, concluíu que a doutrina aplicada na sentenza recorrida é a axustada a dereito xa que se considera compatible coa pensión de gran invalidez.

O fundamento cuarto da sentenza do TS do 1 de decembro de 2009<sup>59</sup> recolle parte do que xa expresara na sentenza de 30 de xaneiro. Ademais, engade que o sistema legal partiu dunha redución moi ampla das posibilidades de emprego do incapaz absoluto, pero non se estableceu unha incompatibilidade xeral entre a pensión e as rendas de traballo. A incompatibilidade queda reducida ás actividades non adecuadas para o incapaz, debendo resolverse as demais a favor da compatibilidade ou da revisión do grado.

Como xa mencionamos, no artigo 198 LXSS establécese que a condición de gran invalidez non impide o exercicio daquelas actividades compatibles co estado do inválido e que non representen un cambio na capacidade de traballo a efectos de revisión. Para que haxa compatibilidade deben operar dous elementos: o traballo non resulte prexudicial para o seu estado de saúde e que non haxa un cambio na capacidade de traballo do inválido que poida dar lugar a unha revisión do grado de invalidez. Para os casos de gran invalidez, a compatibilidade é mais complexa que na incapacidade permanente total, xa que tendo en conta a lexislación, percibir a pensión non impide o exercicio de determinadas actividades.<sup>60</sup>

A posición do TS levou a interpretacións contrapostas: unha tese restritiva e unha tese laxa

---

<sup>59</sup> STS de 1 de decembro de 2009 (RJ 2010/370)

<sup>60</sup> Mercader Uguina, J., Aragón Gómez, C., Díaz de Atauri, P., Moreno Solana, A., Muñoz, A., Nieto, P., Pérez, D. and de la Puebla, A., 2013. *A compatibilidade das prestacións do sistema de seguridade social e o traballo*. Valladolid: Thomson Reuters Lex Nova, pp.121-122.

### VI.3.1 Tese restritiva

Autores como Gala Durán sosteñen numerosos puntos discordantes co argumentado polo TS. O dereito ao traballo recoñecido na Constitución Española é aplicable aos incapaces absolutos e gran invalidez, pero o TS só os nomea a eles cando resultaría predicable ao resto de pensionistas. ademais de que unha cousa é recoñecer o dereito ao traballo e outra que unha persoa que cobra o 100% da base reguladora por estar incapacitado, desempeñe un traballo a tempo completo identificado cunha profesión. O TS afirma que se lle daría un peor trato aos pensionistas cunha gran invalidez que aos da incapacidade total se non se lle permitise traballar. A diferenza é que aos primeiros abónaselle o 100% ou máis da base reguladora e aos segundos un 55%.

A autora pon tamén de manifesto a diferenza de trato entre as diferentes incapacidades por parte do TS dende a perspectiva da SS. Para a Incapacidade Permanente Temporal (en adiante, IPT) analízase se a pensión pública e compatible co traballo. No caso da Gran Invalidez (en adiante, GI) prevalece facilitar as posibilidades de traballo. Gala Durán ademais, sostén que o TS mantén un dobre raseiro segundo o grao de discapacidade que se trate, xa que se se posúe IPT solo se pode realizar funcións distintas pero se é GI pódese realizar calquera tipo de profesión. As liñas entre ambas formas quedarían diluídas ao desenvolver funcións distintas ás anteriores pero cobrando de xeito diferente. O feito de que un pensionista por GI perda a súa pensión por desenvolver un traballo debería supor unha melloría no seu estado, procedendo á revisión, pero non un trato desigual con un IPT.

Por outra banda, outros autores<sup>61</sup> sosteñen diferentes argumentos sobre as sentenzas comentadas do 2008 (30 de xaneiro e 10 de novembro). Un dos principais argumentos que non comprenden é que se estea a favor da compatibilización polo feito de que de non ser así o IPT estaría declarado en mellor condición que o GI ao que se lle negaría toda actividade. O IPT pode realizar outros traballos e por ese motivo se lle concede entorno ao 50% do que estaba percibindo, por estar limitado para a profesión habitual. O GI pola propia definición, é incapaz para calquera tipo de traballo e por iso a remuneración é unha renda de substitución completa dos salarios deixados de percibir. Ademais, argumentan que o concepto de marxinalidade vai ligado ao ámbito do traballo social e cun compoñente de falta de ingresos, e neste caso a pensión está asegurada e só se suspende mentres obtén rendementos do traballo.

Ante o argumento do TS sobre o efecto desmotivador sobre a reinserción social, pensan que iso non sole ocorrer cando os salarios percibidos son superiores á pensión que se suspende temporalmente. O feito de manter eses criterios de compatibilizar como estímulos económicos e coa redución das cotizacións aos empresarios por contratar discapacitados, pode supor un problema de financiación do sistema. No caso do teletraballo e actividades informáticas dan a entender que non son profesións, na medida en que se non hai incompatibilidade é que non son profesións.

---

<sup>61</sup> Álvarez Cortes, J. e Alonso Russi, E. (2010). Algunhas notas sobre a compatibilidade da pensión de gran invalidez co traballo por conta allea. *Temas Laborales* (106), pp.254-255.

### **VI.3.2 Tese laxa**

Outra corrente doutrinal sostén que o artigo 198 non consagra a prohibición legal de traballo para o GI, xa que o titular do dereito ao traballo, recoñecido no artigo 35 da CE, non permite excluír a quen se atope nesa situación. Como xa mencionamos, o TS entende que sería un efecto desmotivador sobre a inserción social aqueles que se atopen en situación de GI ao suspender a súa pensión. As consecuencias desta tese serían as seguintes:

- A compatibilidade da pensión de invalidez co exercicio de aquelas actividades compatibles co estado de inválido.
- O desenvolvemento dun traballo deriva na obriga de cotizar, podendo xerar novas prestacións por invalidez. Se estas cotizacións se ingresan no mesmo réxime que lle recoñeceu a pensión suspendida, solo pode concederse unha nova prestación se esta se solicita en base a novas doenzas, agravación das anteriores ou se aprecia un grado superior de invalidez.
- Se o GI realiza unha actividade non compatible non pode quedar vedada ao beneficiario nin se suspenderá necesariamente a prestación. Polo que a suspensión automática da prestación por parte do INSS non está legalmente prevista.

Realizar unha actividade non compatible só podería xustificar a iniciación dun procedemento de revisión do que podería derivarse a extinción da pensión ou a atribución dun grado inferior. Así, esta corrente sostén que o artigo 198 LXSS non introduce unha regra xeral de incompatibilidade entre realizar unha actividade lucrativa e a percepción da pensión de invalidez. Non procederá suspender o dereito senón iniciar un expediente de revisión naqueles casos nos que a realización poña de manifesto que o incapaz non está no grao concedido. A única incompatibilidade do artigo 198 LXSS é con aquelas actividades que sexan prexudiciais ou inadecuadas para o estado do incapaz. Desenvolver actividades non prexudiciais dá lugar a revisar por melloría ou por erro de diagnóstico ao beneficiario<sup>62</sup>.

### **VI.4 Efectos da lexislación e xurisprudencia ao caso concreto.**

Como mencionamos con anterioridade, no artigo 198 da LXSS establécese que as pensións vitalicias no caso de GI non impedirán o exercicio daquelas actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado do incapacitado. Polo que Pablo sí podería iniciar unha actividade laboral despois de concedida a gran invalidez.

Xunto con isto, a posición que mantén o TS dende o 2008 é que é compatible unha pensión por gran invalidez cun traballo por conta propia ou allea sempre que a actividade realizada non fora prexudicial ou inadecuada para o estado do incapaz.

No caso de realizar unha actividade laboral non perderá o seu dereito a pensión. O TS argumenta que o que se valora a efectos de compatibilizar a GI cun traballo non son as rendas que poida obter, senón a relación entre o traballo e o estado do incapaz.

---

<sup>62</sup> Mercader Uguina, J., Aragón Gómez, C., Díaz de Atauri, P., Moreno Solana, A., Muñoz, A., Nieto, P., Pérez, D. and de la Puebla, A., 2013. A compatibilidade das prestacións do sistema da seguridade social e o traballo. Valladolid: Thomson Reuters Lex Nova, pp.124-127

Como xa vimos, para o TS o feito de perder o seu dereito a pensión tería un efecto desmotivador sobre a reinserción laboral do gran inválido, xa que calquera actividade sempre se realizará con gran dificultade. Engadir ademais que o artigo 18.4 da Orde de 18 de xaneiro de 1996<sup>63</sup> establece que “ *si o procedemento se houbese iniciado en razón a que o preceptor da pensión de invalidez permanente estivera exercendo traballos por conta propia ou allea, e non se houbese constatado erro de diagnóstico ou melloría que xustifique o recoñecemento do dereito as prestacións por invalidez permanente, nun grado de incapacidade inferior ou a aptitude para traballar, a Dirección Provincial do INSS actuará de conformidade coa normativa en vigor e, en función da incompatibilidade que poida existir entre o percibo da pensión e o traballo desenvolto, dando lugar a suspensión daquela, cando a actividade laboral exceda dos límites permitidos polo artigo 198.2 da LXSS*”. Este artigo considerase ultra vires respecto a compatibilidade que establece o artigo 198.2<sup>64</sup>. Por tanto, é compatible o percibo da pensión por GI coa realización dun traballo, ben por conta propia ou allea, co límite de que non sexa prexudicial, como xa mencionamos.

Para o caso da IPT o propio precepto establece que a pensión será compatible co salario que poida recibir o traballador na mesma empresa ou nunha diferente sempre e cando estas funcións non coincidan coas que deron lugar á IPT. Se ben para a GI establece que deben ser compatibles co estado do incapaz, polo que realizar a mesma profesión que realizaba con anterioridade a ser declarado incapaz sería unha actividade non compatible, coa consecuencia de que pode representar un cambio na súa capacidade de traballo e de lugar a unha revisión. Por tanto, tanto na IPT como na gran invalidez desenvólvense funcións distintas as anteriores<sup>65</sup>. Isto non impide que poida realizar unha actividade relacionada co seu traballo anterior, xa que a lexislación establece que é unha incapacidade para a profesión habitual, polo que habería que atender a actividade concreta que queira realizar.

En canto ao seu labor de voluntariado, si podería seguir realizándoo á tenor do disposto no artigo 198 LXSS. Como xa vimos, permite realizar actividades, sexan ou non lucrativas, compatibles co estado do incapacitado. Polo tanto, se aqueles labores que leva a cabo na asociación son compatibles co seu estado e non supoñen un cambio na súa capacidade de traballo, son plenamente compatibles coa situación de GI.

## **VII. O diñeiro que mensualmente lle dan os seus pais, debería ser considerado a conta da súa futura herdanza? Podería ser considerado ese diñeiro como patrimonio protexido? Análise de institucións como a colación, mellora, anticipo da herdanza ou herdanza en vida.**

### **VII.1 A colación**

A colación consiste na agregación á herdanza líquida das doazóns outorgadas en vida polo causante a favor dos herdeiros forzosos co fin de procurar a igualdade ou proporcionalidade nas súas respectivas cotas hereditarias. Trátase dunha das operacións de partición hereditaria, así como de dereito voluntario na medida na que a colación non

---

<sup>63</sup> Orde do 18 de xaneiro de 1996 para a aplicación e desenvolvemento do Real Decreto 1300/1995, de 21 de xullo, sobre incapacidades laborais do sistema da Seguridade Social.

<sup>64</sup> Gala Durán, C.,2013. A compatibilidade entre o traballo e a percepción das pensións por incapacidade permanente total, absoluta e gran invalidez tras a lei 27/2011. *Temas Laborales* (122) p.108.

<sup>65</sup> *Ibidem*, p.112.

terá lugar entre os herdeiros forzosos se o donante o dispuxera expresamente ou o donatario repudiara a herdanza<sup>66</sup>.

O artigo 806 Código Civil (en adiante, CC) acolle a figura do herdeiro forzoso. Os herdeiros forzosos son aqueles aos que lle corresponde unha porción de bens do testador por lei. Son herdeiros forzosos os fillos e descendentes respecto dos seus pais e ascendentes. A falta destes, os pais e ascendentes respecto dos seus fillos e descendentes e o viúvo/viúva na forma que estableza o CC.<sup>67</sup>

Esta figura atópase regulada no CC, do artigo 1035 ao 1050. O artigo 1035 establece que “ o herdeiro forzoso que concorra, con outros que tamén o sexan, a unha sucesión deberá traer á masa hereditaria os bens ou valores que houbese recibido do causante da herdanza, en vida deste, por dote, doazón ou outro título lucrativo, para computalo na regulación das lexítimas e na conta de partición”.

Este artigo induce a certa confusión en relación co artigo 818.2 CC ao regular a base de cálculo das lexítimas a efectos de pescudar se existe inoficiosidade, xa que dispón que ao valor líquido dos bens se agregue o das doazóns colacionables. Débese por tanto diferenciar a colación dos artigos 1035 e ss. CC da computación de doazóns do artigo 818. Tanto a doutrina como a xurisprudencia observan que ditos preceptos non se distinguen con claridade.<sup>68</sup>

Na sentenza de 19 de febreiro de 2014<sup>69</sup> o TS delimita os supostos da dinámica sucesoria nos que intervéñ a noción de colación hereditaria. A colación que recolle o artigo 818.2 CC refírese ás operacións de cálculo que determinan o caudal computable a efectos de fixar as correspondentes lexítimas. O concepto aplícase nun sentido lato no que a noción de colación correspóndese como mera computación das doazóns realizadas polo testador para o cálculo da lexítima e da porción libre.

Porén, a colación a que se refire o artigo 1035 CC ten unha aplicación xurídica do concepto baseado na presunta vontade do causante de igualar aos seus herdeiros forzosos na súa recíproca concorrencia a herdanza, sen ter unha finalidade de cálculo da lexítima, como no artigo 818 CC.

Destacar ademais que, o cálculo da lexítima réxese por normas de carácter imperativo e ten lugar en calquera caso no que haxa un lexitimario. A colación regúlase por regras fundamentadas na presunción de vontade do causante e a necesaria á coexistencia de varios herdeiros forzosos e de doazóns colacionables.<sup>70</sup>

O feito de que a colación só se dea entre lexitimarios nomeados herdeiros mostra que a colación non obedece só a vontade presunta do causante, senón tamén a unha vontade da lei para que se dea unha igualdade entre os lexitimarios (exceptuado o cónxuxe). O causante pode instituír aos colexitimarios en partes desiguais, polo que a igualdade xerada pola colación non é absoluta ao realizarse en proporción a cota en cada un dos que foi instituído. A colación mantén unha igualdade proporcional e non

---

<sup>66</sup> Bercovitz, R., Busto, J., Colina, R., Cordero, E., Costas, L., González, C., Martínez, P., Peña, F. e Zurilla, M., 2018. *Manual de Dereito Civil. Sucesións*. 4ed. Madrid: Bercal S.A, p.125.

<sup>67</sup> Artigo 807 do CC.

<sup>68</sup> Rivas Martínez, JJ, *Dereito de sucesións común: estudos sistemático e xurisprudencial*. 1ªed. Valencia: Tirant lo Blanch, pp.3129-3130.

<sup>69</sup> STS de 19 de febreiro de 2014 (RJ 2015/1400).

<sup>70</sup> Rivas Martínez, JJ, *Dereito de sucesións común: estudos sistemático e xurisprudencial*. 2020 1ªed. Valencia: Tirant lo Blanch. p.3133.

cuantitativa, xa que respecta a proporción entre as cotas establecidas polo causante no testamento. Será pois a disposición testamentaria a que produza a desigualación<sup>71</sup>.

➤ **Requisitos necesarios para que conorra a colación:**

1. A colación aplicarase ao lexitimario que é herdeiro. Xurdirá cando un herdeiro acepte a herdanza e teña a calidade de herdeiro forzoso. Este a súa vez concorre con outros herdeiros forzosos que aceptan respecto dos bens e dereitos que houberse recibido do causante en vida a título gratuito, sempre que o donante non dispuxera expresamente que tivese lugar a colación. Para o caso dos viúvos, como pertencen a un grupo diferente dos descendentes e ascendentes, non está suxeito a colación se é instituído herdeiro.

Cando os netos sucedan ao avó en representación do pai, colacionarán todo o que deba colacionar o pai se vivira, así como o recibido do causante da herdanza durante a vida deste (art. 1038 CC). Pola contra, no caso dos pais, non están obrigados a colacionar na herdanza dos seus ascendentes o doado por estes aos seus fillos (art. 1039 CC).

2. A colación aplícase ás liberalidades, polo que a obriga de colacionar non alcanza aos adquiridos do causante por título oneroso en contrato válido e eficaz.
3. É necesaria a aceptación da herdanza.
4. Unicamente se inclúen na colación as liberalidades que consisten na transmisión de bens ou valores, como son: as cantidades satisfeitas para pagar débedas dos fillos, conseguirles un título de honra ou outros gastos análogos.
5. A colación darase tanto na sucesión testada como na intestada.
6. Esíxese que o causante non dispensara a colación<sup>72</sup>.

➤ **Bens colacionables**

A doutrina española estableceu unha clasificación sobre os bens de obxecto de colación: os bens sempre colacionables, bens non colacionables e bens ou gastos colacionables unicamente por vontade do causante. O CC opta por unha enumeración aberta que comprende calquera liberalidade realizada a favor dos herdeiros lexitimarios. Serán sempre colacionables as doazóns feitas conxuntamente ao fillo e ao seu consorte (serán colacionadas polo fillo na metade do seu valor), as cantidades satisfeitas do pai ao fillo para pagar as súas débedas, conseguirlle un título de honra e outros gastos análogos.

No referido as débedas, son colacionables só as cantidades que o pai efectúese con verdadeiro animus donandi. Non se colacionarán as atribución onerosas do causante que sexan débedas esixibles xa que son desembolsos de carácter extraordinario, é dicir, van máis alá dos deberes legais da relación paterno-filial. En canto aos títulos de honra,

---

<sup>71</sup> García-Ripoll Montijano, M., 1995. O fundamento da colación hereditaria e a súa dispensa. *Anuario de dereito civil*, 48(3), pp.1130-1133.

<sup>72</sup> Bercovitz, R., Busto, J., Colina, R., Cordero, E., Costas, L., González, C., Martínez, P., Peña, F. e Zurilla, M., 2018. *Manual de Dereito Civil. Sucesións*. 4ed. Madrid: Bercal S.A, pp.125-126.

inclúense os títulos nobiliarios, condecoracións administrativas ou militares e distincións académicas. Para outros gastos análogos, entenderasen aquelas cantidades previstas para o exercicio profesional do fillo, a súa instalación profesional ou para unha formación especializada<sup>73</sup>.

Os bens non colacionables atópanse recollidos nos artigos 1039 a 1041 do CC. O precepto 1039 CC establece que non serán colacionables para os pais as herdanzas que os seus ascendentes doen aos seus fillos. A doutrina veu sostendo que a efectos de computación, as doazóns feitas aos netos en vida dos seus pais deben imputarse á parte libre, salvo que se faga con carácter de mellora para o que se imputará primeiro ao terzo de mellora e no exceso á parte libre. Os netos ao non ter consideración de herdeiros forzosos non se lles imputa a lexítima e como non son lexitimarios, non teñen que colacionar. Tampouco colacionarán as doazóns feitas ao consorte do fillo ao non ser lexitimario, salvo que se considerase unha doazón feita a un lexitimario a través dun terceiro<sup>74</sup>.

O artigo 1041 CC establece que non estarán suxeitos a colación os gastos de alimentos, educación, curación de enfermidades, aínda que sexan extraordinarias, aprendizaxe, equipo ordinario, nin os regalos de costume. Tampouco están suxeitos a colación aqueles gastos realizados polos pais e ascendentes para cubrir as necesidades especiais dos seus fillos ou descendentes con discapacidade.

A Lei de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade engadiu este segundo parágrafo para evitar a colación dos gastos realizados polos pais e ascendentes, entendendo por estes gastos calquera disposición patrimonial para cubrir as necesidades especiais dos seus fillos e descendentes con discapacidade. Estes gastos implican o cumprimento dos deberes naturais da paternidade e non serán colacionables posto que estes gastos están xustificadas por responsabilidades morais e baseadas nunha obriga xurídica. As cantidades que gastan os pais son a fondo perdido e que os pais non queren ser máis xenerosos con un que con outro. Cando no artigo 1041 CC se refire a necesidades especiais, estas son aquelas demandadas pola discapacidade, como é a atención médica, psiquiátrica, educación especial e rehabilitación.<sup>75</sup>

Polo exposto, a cantidade mensual aportada polos pais de Pablo, non podería ser colacionable, posto que nos feitos expostos refírese a que a finalidade da mesma en mensualidades é para que poida ter un nivel adecuado as súas necesidades actuais, é dicir, as necesidades derivadas da súa discapacidade.

## VII.2 A mellora

O artigo 808 CC establece que constitúen a lexítima dos fillos e descendentes as dúas terceiras partes do haber hereditario do pai e da nai. Porén, poderán estes dispor dunha parte das dúas que forman a lexítima, para aplicala como mellora aos seus fillos ou descendentes. A terceira parte restante será de libre disposición.

---

<sup>73</sup> Rivas Martínez, JJ, *Dereito de sucesións común: estudos sistemático e xurisprudencial*. 2020 1ªed. Valencia: Tirant lo Blanch. pp.3164-3166.

<sup>74</sup> *Ibidem*, pp.3169-3171.

<sup>75</sup> *Ibidem*, pp. 3171-3172.

A mellora regúlase dos artigos 823 a 833 CC. O pai ou nai poderán dispor de mellora a favor dalgún ou dalgúns dos seus fillos ou descendentes dunha das dúas terceiras partes destinadas a lexítima (art. 823 CC).

Neste punto debemos diferenciar o terzo de mellora da mellora, en si. O terzo de mellora é a porción dos bens da que os pais poden dispor a favor dos seus fillos ou descendentes, para poder mellorar. A parte non mellorada seguirá sendo lexítima e será repartida a partes iguais entre todos os lexitimarios. Pola contra, a mellora é o beneficio económico que os pais dispoñen en favor dos fillos ou descendentes con cargo ao terzo de mellora. Por tanto, o terzo será a posibilidade de dispor e existirá sempre, mentres que a mellora é a disposición efectiva e pode existir ou non. Sendo así en vida do causante unha reserva formal. Todas as desigualdades que se dean non se poden considerar terzo de libre disposición, só aquelas que produzan unha merma da lexítima na mesma proporción na que se computa.

### VII.2.1 Clases de mellora.<sup>76</sup>

Hai diversos criterios de clasificación de mellora, sendo os seguintes:

- Melloras totais ou parciais: Segundo comprendan todo ou parte do terzo de mellora.
- Pola súa modalidade: puras, condicionais ou a término.
- Polos seus efectos: revogables e irrevogables.
- Pola súa expresión: expresas ou tácitas.

A expresa é na que o outorgante proclama de xeito claro que a disposición faise a título de mellora, polo que no seu día imputarase no terzo de mellora. Na tácita, non se di nada sobre a natureza da atribución patrimonial, polo que non queda claro se se quere mellorar ao beneficiario ou anticipar a lexítima. Entorno a mellora tácita, a doutrina española divídese. Se atendemos ao artigo 825 CC, este establece que ningunha doazón por contrato entre vivos en favor de fillos ou descendentes se reputará mellora se o doante non o declara de xeito expreso. Os autores que se posicionan a favor da mellora tácita, baséanse en que o CC rexeita as melloras que solo se poden obter pola vía da presunción ou da conxectura.

A sentenza de 29 de maio de 2006<sup>77</sup> aborda esta figura. Unha irmá demanda a outra solicitando que se declare o valor efectivo dos bens que compoñen a herdanza dos seus pais, a validez da cesión de bens, a participación de cada unha das irmas e herdeiras na herdanza do seu pai a partes iguais en canto a metade dos gananciais e o dereito da actora a outra metade dos bens gananciais. A causa petendi da demanda atópase na escritura pública de cesión de bens outorgada pola nai, na que doaba a actora os dereitos que puideran corresponder na sociedade disoluta polo falecemento do seu marido e tamén lle cedía o que lle correspondese da herdanza do mesmo. No seu día, o pai outorgou testamento no que legaba a súa muller o terzo de libre disposición e instituíu as irmáns herdeiras en partes iguais. Unha vez falecido o pai non se realizou partición da herdanza, e falecida a nai, non deixou máis bens que os que lle correspondía da sociedade de gananciais. A demandanda solicitou a desestimación da demanda e solicitou que se declarase nula a doazón que encubría unha doazón inoficiosa que debe ser reducida ao terzo de libre disposición.

---

<sup>76</sup> *Ibidem*, pp.1534-1541.

<sup>77</sup> STS de 29 de maio de 2006 (RJ 502/2006).



En primeira instancia estimouse parcialmente a demanda, a validez da doazón, a participación de estas nos bens dos pais e a metade dos gananciais do pai e as dúas terceiras partes da nai e que a demandada tiña dereito á metade dos gananciais do pai e unha terceira parte nos da nai. Revogada a sentenza, a Audiencia declara que á demandada correspóndelle 1/6 dos bens da nai. A demandada recorreu ante o TS, quedando o recurso reducido a determinar a parte da herdanza que lle corresponde. O TS aborda a problemática de que na sentenza de primeira instancia admítase que a doante quixo mellorar a súa filla. Ante isto, o TS expresa que a súa doutrina considera que non é admisible estimar que a doante mellorou a súa filla polo feito da doazón, xa que a mellora esixe, ademais da vontade de doar, a vontade inequívoca de mellorar. E neste caso non se produciu. A doante non puido dispoñer por vía de doazón máis do que podía dispoñer por testamento, que era un terzo dos seus bens, por elo, as súas fillas tiñan dereito a lexítima larga ou dous terzos da herdanza.

Os autores que se posicionan a favor da mellora tácita, baséanse en que o Código rexeita as melloras que solo se poden obter pola vía da presunción ou da conxectura.

- Polo obxecto: mellora en cousa determinada e mellora de cota.

O artigo 829 CC establece que a mellora poderase sinalar en cousa determinada. Se o valor de esta excede do terzo destinado á mellora e da parte da lexítima, deberá abonar a diferenza en metálico aos demais interesados. Pola contra, o artigo 832 CC determina que cando a mellora non se sinala en cousa determinada, será pagada cos mesmos bens hereditarios.

Engadir que a facultade de mellorar non pode encomendarse a outro (art.830 CC).

### **VII.3 Anticipo de herdanza ou herdanza en vida.**

A figura empregada para o anticipo das herdanzas son os pactos sucesorios. Estes caracterízanse polo seu carácter bilateral, irrevogabilidade por actos unilaterais dos outorgantes, conservación das facultades dispositivos inter vivos, carácter persoalísimo e carácter predominante formal<sup>78</sup>.

Como veremos, esta figura está admitida no Dereito Civil de Galicia pero non no Dereito Común. O artigo 1271 CC establece que sobre a herdanza futura non se poderá celebrar outros contratos que aqueles cuxo obxecto sexa practicar entre vivos a división dun caudal e outras disposicións particionais, conforme ao disposto no artigo 1056. Por tanto, non hai un modo de adiantar a herdanza no Dereito Común. ´

A doazón pode producir efectos similares. Esta aparece regulada no CC dos artigos 618 a 656. Poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispor dos seus bens. A doazón poderá comprender todos os bens presentes do doante, ou parte deles, con tal de que este se reserve o necesario para vivir nun estado correspondente as súas circunstancias. A doazón non pode comprender os bens futuros, entendendo estes como aqueles dos que o doante non pode dispor ao tempo da doazón. Así, ninguén poderá dar

---

<sup>78</sup> Pérez Velázquez, J. 2021. Dereito de Sucesións. 3ªed Valencia: Tirant lo blanch. p.184

nin recibir por doazón máis do que poida dar ou recibir por testamento. A doazón será inoficiosa no que exceda desta medida<sup>79</sup>.

A doazón do patrimonio en vida só pode facerse sobre a terceira parte do mesmo, a de libre designación, cando se trate dun terceiro non herdeiro lexítimo, un parente, un amigo, de tal xeito que non afecte as dúas terceiras partes que a lei obriga a reservar aos herdeiros lexítimos. Para as doazóns feitas aos fillos, pode realizarse sobre a lexítima que ao mesmo lle correspondería, a totalidade ou parte da mellora e da totalidade ou parte da de libre designación, ao entender a lei como anticipo da herdanza que nun futuro lle correspondería como herdeiro lexítimo<sup>80</sup>.

### **VII.3.1 Os pactos sucesorios**

Como os feitos ocorren na comunidade galega debemos considerar o Dereito Civil de Galicia. No artigo 181 da Lei de Dereito Civil de Galicia (en adiante, LDCG) establece que a sucesión refírese en todo ou parte por testamento, calquera dos pactos sucesorios admisibles conforme a dereito e a disposición da lei. Os pactos sucesorios aparecen regulados dos artigos 209 a 227 LDCG.

No artigo 209 establécese que serán pactos sucesorios, os pactos de mellora e apartación, sen prexuízo dos que foran admisibles conforme a dereito. Algúns autores sosteñen que o sistema dos pactos sucesorios é un numerus apertus. Outros porén, sosteñen que son numerus clausus os pactos deseñados polo lexislador galego, tendo en conta os antecedentes, a tramitación parlamentaria así como o establecido no artigo 242 LDCG, que dispón que salvo os casos de apartación, será nula toda renuncia ou transacción sobre a lexítima realizada antes da apertura da sucesión.

Os pactos sucesorios só poden ser outorgados por persoas maiores de idade con plena capacidade de obrar, debemos engadir que o outorgante debe ter a vecindade civil galega sendo a nulidade do mesmo dos mesmos se se incumpre tal requisito. Ademais poden ser outorgados por poder sempre que conteñan os elementos esenciais do negocio sucesorio.

#### **➤ Pactos de mellora**

Os pactos de mellora son aqueles polos cales se convén a favor dos descendentes da sucesión en bens concretos (art.214 LDCG). O pacto non pode ter por obxecto unha cantidade ou cota parte do caudal relictivo, polo que a única cota parte hereditaria referirase a lexítima.

Os pactos sucesorios poderán supoñer a entrega ou non de presente dos bens a quen lles afecten, determinando a entrega a adquisición da propiedade por parte do mellorado (art.215 LDCG). Se ben o adxudicante pode reservarse de xeito expreso a facultade de disposición sobre os mesmos, a cal debe ser inscrita no Rexistro da Propiedade. Cando o pacto se realiza sen entrega de bens, o adxudicante conservará a propiedade dos mesmos ata que se produza a apertura da súa herdanza, será un negocio inter vivos con eficacia post mortem (art.217.1 LDCG). Cabe a posibilidade de que o adxudicante se reserve de maneira expresa tamén as facultades dispositivas en virtude de negocio xurídico gratuito (art.217.4 LDCG).

---

<sup>79</sup> Arts. 618,634,635 e 636 do CC.

<sup>80</sup> Samayoa, G., 2015. ¿Heredar en vida?. *Escritura Pública*, p.53.

No artigo 218 LDCG establécese as causas polas que os pactos quedarán sen efecto, sendo as seguintes:

- Se o mellorado incumpre as obrigas asumidas. O artigo 647 do CC recolle as normas de revogación de doazóns a instancia do doante cando non se cumplan os requisitos que impuxo o doante. Os bens reintégranse no patrimonio do donatario e considéranse nulas as disposicións realizadas polo donatario, así como as hipotecas constituídas sobre os bens.
- A premoriencia do mellorado, salvo pacto expreso de substitución ou que a mellora se realizara con entrega de bens. Os bens obxecto de mellora transmitense integrándose no caudal relicto.
- Por incorrer o mellorado na causa de desherdamento ou indignidade, pola súa conducta gravemente inxuriosa e , se houbera entrega de bens, por ingratidade. As causas de desherdación aparecen recollidas no artigo 263 LDCG, como negar alimentos ao testador, maltratalo, incumprir de maneira grave e reiterada os deberes conxugales. Entenderase como ingratidade aqueles comportamentos que revelen unha falta de agradecemento de especial gravidade.

#### ➤ **Apartación**

O pacto de apartación consiste na exclusión irrevogable dun lexitimario e da súa liñaxe da condición de herdeiro forzoso na sucesión do apartante a cambio de bens concretos que lle son adxudicados por este. O apartado recibe uns bens determinados e o causante libérase dos obstáculos derivados da existencia do lexitimario apartado que lle impedía realizar liberalidade por calquera título. Trátase dun negocio xurídico con eficacia inter vivos e o lexitimario exclúese voluntariamente da futura sucesión. Non é preciso que os bens integren a herdanza futura do causante, nin que sexan dunha determinada natureza e tampouco que sexan avaliábeis economicamente. No artigo 225 LDCG establécese que poderase adxudicar ao apartado calquera ben ou dereito en pago da apartación, independentemente do valor. O lexitimario apartado non ten lexitimación activa para o exercicio de cantas accións amparan e protexen a lexítima, pero si para as accións que o protexan como parte do negocio pacionado, para garantir o seu cumprimento ou impugnar a súa validez por concorrer nel algún vicio.<sup>81</sup>

O artigo 227 LDCG establece que, salvo dispensa do apartante, o dado na apartación traerase á colación se o apartado ou os seus descendentes concorreran na sucesión con outros lexitimarios. A computación que supón a colación da herdanza é un mecanismo de garantía das lexítimas, xa que deixándoo á vontade do causante, podería este vulnerar a lexítima en virtude dos negocios apartacionais. A cuantificación farase no momento no que se valore a masa hereditaria e non cando se produce o negocio xurídico, aínda que referirase ao estado físico no que se atopaba cando se levou a cabo o negocio.

#### **VII.4 O Patrimonio protexido dos incapaces**

O artigo 49 CE contempla que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán

---

<sup>81</sup> Busto Lago, J., 2008. Os pactos sucesorios na Lei 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. *Revista crítica de Dereito Inmobiliario* , (706), pp. 539-540.

especialmente para o desfrute dos dereitos e liberdades que se lle outorgan aos cidadáns. Nesta liña promulgouse a lei 41/2003 do 18 de novembro de protección patrimonial das persoas con discapacidade (en adiante, LPPPD). Ten por obxecto regular novos mecanismos de protección de persoas con discapacidade, centrándose no ámbito patrimonial, ao ser un dos elementos que máis repercuten no benestar das persoas con discapacidade. Dita lei viuse modificada pola lei 8/2021 de 2 de xuño en varios dos seus artigos e entrará en vigor o 3 de setembro de 2021.

As aportacións teñen como finalidade a satisfacción das necesidades vitais dos seus titulares. O patrimonio protexido das persoas con discapacidade rexerese polo establecido na lei con carácter preferente ao disposto para regular os efectos da incapacitación do Título XI do Libro I do CC, IX e X trala reforma.

Os beneficiarios do patrimonio protexido das persoas con discapacidade terán como beneficiario, exclusivamente, á persoa en cuxo interese se constituía. Para a lei, teñen a consideración de persoas con discapacidade:

- As que presentan unha discapacidade psíquica igual ou superior ao 33% .
- As que presentan unha discapacidade física ou sensorial igual ou superior ao 65%.

#### **VII.4.1 Constitución do patrimonio**

No artigo 3 LPPPD regúlase a constitución do patrimonio. A nova redacción que entrará en vigor a partir de setembro é menos restritiva que a actual. O artigo vixente establece que poderán constituír un patrimonio protexido:

- A propia persoa con discapacidade beneficiaria do mesmo, sempre que teña capacidade de obrar suficiente.
- Os pais, tutores ou curadores cando a persoa con discapacidade non teña capacidade de obrar suficiente.
- O gardador de feito dunha persoa con discapacidade psíquica poderá constituír en beneficio deste un patrimonio protexido cos bens que os seus pais/tutores lle houbesen deixado por título hereditario.
- Ademais, calquera persoa con interese lexítimo poderá solicitar da persoa con discapacidade ou, en caso de que non teña capacidade de obrar suficiente, dos pais/tutores/curadores, a constitución dun patrimonio protexido, ofrecendo ao mesmo tempo unha aportación de bens e dereitos adecuados, suficientes para ese fin.

A nova redacción non determina de xeito tan restritivo aqueles que poden constituír o patrimonio protexido. Deste modo determina que poderán constituír un patrimonio protexido:

- A propia persoa con discapacidade beneficiaria.
- Quen presente apoio ás persoas con discapacidade.
- A persoa comisaria ou titular da fiducia sucesoria, cando estea prevista na lexislación civil, autorizada ao respecto polo constituínte da mesma.
- Calquera persoa con interese lexítimo poderá solicitar da persoa con discapacidade, co apoio que requira, a constitución dun patrimonio protexido, ofrecendo ao mesmo tempo unha aportación de bens e dereitos adecuados, suficiente para ese fin.

O patrimonio protexido constituirase en documento público ou por resolución xudicial. Ámbolos dous deberán conter como mínimo:

- O inventario dos bens e dereitos que inicialmente constitúan o patrimonio protexido.
- A determinación das regras de administración ou de fiscalización, incluíndo os procedementos de designación das persoas que integrarán os órganos de administración.
- Calquera outra disposición que se considere oportuna respecto a administración ou conservación do mesmo.

#### **VII.4.2 Aportacións ao patrimonio**

As aportacións ao patrimonio protexido aparecen reguladas no artigo 4 da LPPPD. As aportacións de bens e dereitos están suxeitas as formalidades establecidas para a constitución. Cando o que queira aportar se trate de calquera persoa con interese lexítimo, co consentimento da persoa con discapacidade co apoio que requira(pais/titores/curadores na antiga redacción). As aportacións serán a título gratuito, incluso a través de pacto sucesorio naquelas lexislacións civís que a permitan ( na versión vixente non inclúe os pactos sucesorios). De igual forma que na constitución, a aportación require que sexa por documento público ou resolución xudicial.

A constitución require dunha aportación orixinaria de ben e dereitos, pero unha vez constituído, o patrimonio, calquera persoa con interese lexítimo pode realizar aportacións a dito patrimonio coa posibilidade de facelo simultaneamente á constitución do patrimonio, como ás posteriores que se poidan facer, aínda coa oposición dos pais/titores se un xuíz o estima oportuno. Se o beneficiario ten a capacidade de obrar suficiente e, de acordo ao artigo 10 CC, non se poderá constituír nin aportar se está contra a súa vontade.

Cando a aportación sexa realizada por un terceiro, entendido como unha persoa diferente ao beneficiario (inclusive pais, titores e curadores), poderá establecer o destino que se lles dará ós bens/dereitos aportados cando se extinga o patrimonio. Esta facultade ten o límite de que só se producirá cando chegue o momento da extinción.

### **VIII. Conclusións**

**I.** Nos últimos anos son continuas as noticias, así como as sentenzas entorno a figura dos falsos autónomos. A proliferación desta figura débese as vantaxes que arroxa a figura do TRADE y dos autónomos para os empresarios, co consecuente aforro fiscal que lle supón así como outros beneficios derivados de ter un menor número de traballadores asalariados. Comprobamos como se suceden numerosas sentenzas do Tribunal Supremo que abordan esta problemática y os criterios que establecen para diferenciarlos doutras figuras como os traballadores autónomos ou dos TRADES, xa que estamos ante traballadores asalariados que se camuflan baixo figuras como son os TA ou os TRADE.

Na loita contra os falsos autónomos o TS ditou a sentenza do 23 de setembro do pasado ano, que xa tratamos no punto correspondente do traballo. Seguindo esta liña, o

Goberno promulgou o RD 6/2021 de 11 de maio que modifica o artigo 64 do Estatuto dos Traballadores.

Tendo en conta o exposto, don Pablo encaixaría na figura dun falso autónomo. A doutrina do TS basease en que para determinar a situación de falso autónomo débense dar os indicios de dependencia e do alleo. Como Pablo non chegou a acordo sobre determinados aspectos como o número de horas, material de oficina, etc... cabe pensar que a situación continuou igual e só cambiaba en que estaba como autónomo. Observamos como se dan ámbolos dous indicios. O indicio de dependencia reflíctese en que segue integrado nun esquema xerárquico dentro da empresa. Entendemos ademais que ao non chegar a acordo sobre as horas continúa nun horario estrito coma o que viña mantendo. O emprego dos materiais do centro de traballo e traballar no mesmo, tamén supoñen unha dependencia co empresario.

Pola súa banda, o empregador de don Pablo enfrontaríase a unha infracción grave cunha sanción económica que no seu grado mínimo pode ascender entre 3.126 e 6.250 euros, no grado medio entre 6.251 e 8000 e no seu grado máximo entre 8.001 e 10.000 euros. Xunto con esta sanción, corresponderíalle unha a maiores por non ingresar as cotas correspondentes a Seguridade Social do traballador. A mesma supón unha porcentaxe sobre as cotas non ingresadas que poden ir dende o 50 % no grado mínimo ata o 100% no seu grado máximo.

**II.**A lexislación española procura a protección e a integración de aqueles que padezan algún tipo de discapacidade física ou psíquica que lle dificulta a súa integración na sociedade. O feito de sufrir unha discapacidade pode derivar noutras situacións, como é ter un grao de dependencia ou sufrir unha incapacidade laboral. No diagnóstico de tales situacións inflúe de xeito importante a afectación das mesmas sobre a realización das actividades da vida diaria. Tanto a discapacidade como a dependencia teñen influencia na capacidade laboral do afectado. A incapacidade laboral é o impedimento para a realización das funcións dun posto de traballo. O feito de que un cidadán non poida realizar unha actividade laboral sumado a que poida necesitar nalgúns casos dunha terceira persoa, orixina unhas necesidades económicas que deben ser cubertas mediante prestacións polo Estado español.

Como sabemos a don Pablo diagnosticóuselle unha discapacidade do 68%, o recoñecemento da necesidade dunha terceira persoa e a dependencia en Grao III. A lesión que padece Pablo permítelle ter certa autonomía en contornas adaptadas, precisa dunha terceira persoa para o desenvolvemento de certas actividades da vida diaria. O TS na súa doutrina expón que é posible certo desenvolvemento dos actos máis esenciais da vida coa situación de gran invalidez. Ademais o TS en situacións similares as de don Pablo, reconece que é compatible certa autonomía nunha contorna adaptada, coa necesidade dunha terceira persoa para realizar determinadas actividades. Deste xeito, cunha lesión das características de don Pablo é compatible certa autonomía coa situación de gran invalidez.

**III.** As necesidades económicas derivadas dunha incapacidade laboral serán cubertas mediante prestacións do Estado, se ben o incapaz pode compatibilizar a realización de certos traballos co cobro da prestación. Neste punto xorden puntos discordantes entre a doutrina e a xurisprudencia sostida polo TS para os casos de gran invalidez, xa que a pesares de realizar traballos continúa cobrando o 100% da prestación (relativamente máis alta ao ter que pagar unha terceira persoa). Na lexislación permítense realizar todo tipo de traballos mentres non sexan prexudiciais

para o incapaz, e o TS nesta liña sostén que se poden realizar aqueles traballos e que limitalos sería frear as pretensións de mellora dunha persoa nunhas circunstancias críticas.

Para o caso concreto que nos ocupa, a compatibilidade de percibir unha prestación coa realización dun traballo vai depender de que o traballo sexa compatible co seu estado e de que non supoña un cambio na súa capacidade de traballo. Polo tanto don Pablo poderá realizar traballos que non supoñan un prexuízo para o seu estado de saúde. A tenor do disposto tanto pola lexislación como polo TS, don Pablo poderá realizar unha actividade laboral sempre que non sexa a mesma que realizaba con anterioridade, xa que de ser así podería dar lugar a unha revisión da súa situación. En canto ao labor de voluntariado poderao seguir realizando sempre que non supoña un prexuízo para o seu estado de saúde.

**IV.** No ámbito da incapacidade permanente debemos ter en conta os accidentes laborais. Numerosos preitos que chegan aos xulgados do social así como aos tribunais superiores son para determinar a existencia ou non dun accidente laboral. Se ben o accidente laboral aparece regulado de xeito pormenorizado na LXSS, non é suficiente para determinar en numerosos casos se se produciu un accidente de traballo ou non. Se ben se establece que serán accidentes de traballo aquelas lesións que sufra o traballador durante o tempo e lugar de traballo. A lexislación é completada en gran medida pola xurisprudencia abordando casos como o das enfermidades cardíacas, entre outras. Debido a dificultade de mostrar a relación entre as patoloxías e o traballo, o Tribunal Supremo é flexible e prima a presunción de tempo e lugar de traballo ante a relación de causalidade.

Como vimos o TS avoga pola máxima protección do traballador ao asumir a laboralidade do accidente cando haxa incerteza sobre as circunstancias nas que ocorreu o feito lesivo. Que a hernia de don Pablo estallara no tempo e lugar de traballo fai posible unha comparación coa xurisprudencia sobre os casos de enfermidades comúns que anteriormente padece o traballador e que se lle produce unha crise (o estalido da hernia) no lugar de traballo. O TS aplica a presunción de laboralidade para as crises que agravan enfermidades común padecidas polo traballador con anterioridade e que culminan nun mal desenlace como é o caso de don Pablo.

**V.** A situación de gran invalidez xera necesidades que a pesar de recibir unha prestación do Estado ou o cobro dunha nómina non son suficientes para cubrilas. Por este motivo, os pais no seu afán de protección de cara aos fillos, vendo unha situación económica complicada dos mesmos, poden decidir seguir aportando medios económicos.

No caso concreto observamos como o feito de que os pais de don Pablo lle pasen unha axuda económica implica problemas coa súa irmá. Isto deriva en ver as posibles consecuencias xurídicas que pode ter dita prestación, dende ser unha aportación ao patrimonio protexido de Pablo ata se pode incidir na súa herdanza.

O patrimonio protexido dos incapaces é un mecanismo para protexer aos incapaces no ámbito patrimonial, que como vimos repercute de xeito importante no benestar das persoas con algunha discapacidade. A tenor do disposto na lexislación, os pais de don Pablo poden aportar ao patrimonio do seu fillo, xa que terían un interese lexítimo e terían o consentimento de Pablo, ao toparse con plena capacidade de obrar. Se ben esta figura xurídica require dunhas formalidades tanto para a súa constitución como para a posterior aportación. Na LPPPD esíxese que a aportación ao patrimonio

protexido das persoas con discapacidade deberase facer ante documento público. Polo tanto, para o caso das contías que lle dan os seus pais non se poden considerar como unha aportación, xa que non son feitas en documento público.

Outra prisma desde a que se pode ver estas contías é dende a figura da mellora. A doutrina do TS expresa que para considerar estas doazóns como mellora é necesario, ademais dunha vontade de doar por parte dos pais, a vontade inequívoca de que se quere mellorar. No caso dos pais de Pablo entendemos que non hai tal vontade, xunto co feito de que o CC rexeita as melloras que se poidan obter pola vía da conxectura, como sería o caso. Polo exposto, desbotamos que esta figura sexa aplicable ao caso concreto.

Tamén se barallan outras figuras do dereito sucesorio como son os pactos sucesorios ou a colación. Como vimos, os pactos sucesorios son unha figura permitida no dereito civil de Galicia pero non no común. Na propia lexislación galega se establece que estes pactos deben ser outorgados en escritura pública, polo que de non ser así non producirán efecto algún. No caso de don Pablo, os seus pais non realizaron ningunha escritura pública na que consta que efectivamente se trata dun pacto de mellora ou dun de apartación.

Por último, para o caso da colación, o propio CC no seu artigo 1041 establece que non estarán suxeitos a colación os gastos realizados polos pais para cubrir as necesidades especiais dos seus fillos con discapacidade. Entendemos así que estas cantidades non poderán ser traídas a colación no futuro.



## **BIBLIOGRAFÍA**

- ÁLVAREZ CORTES, J. E ALONSO RUSSI, E. (2010). Algunhas notas sobre a compatibilidade da pensión de gran invalidez co traballo por conta allea. *Temas Laborales* (106), pp.245-259.
- ARUFE VARELA, A. Y MARTÍNEZ GIRÓN, J., (2016). *Dereito Crítico do Traballo* . 4ª ed. Atelier Libros SA.
- BAJO GARCÍA, I. (2013). A acumulación na xurisdición social. Valencia: Tirant lo Blanch.
- BERCOVITZ, R., BUSTO, J., COLINA, R., CORDERO, E., COSTAS, L., GONZÁLEZ, C., MARTÍNEZ, P., PEÑA, F. E ZURILLA, M. (2018). Manual de Dereito Civil. Sucesións. 4ed. Madrid: Bercal S.A.
- BLASCO LAHOZ, J E LÓPEZ GANDÍA, J. (2016). Curso de prevención de riscos laborais. Valencia: Tirant lo Blanch.
- BLASCO LAHOZ, J. E LÓPEZ GANDÍA, J., (2016). Curso de Seguridad Social. Valencia: Tirant lo Blanch, .
- BUSTO LAGO, J., (2008). Os pactos sucesorios na Lei 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. *Revista crítica de Dereito Inmobiliario* (706), pp.517-578.
- CABRA DE LUNA, M.A (2019). Nota xurisprudencial: Asimilación das situacións legais de Seguridade Social de incapacidade permanente ao recoñecemento da discapacidade: Sentencias 993/2018 y 992/2018 da Sala do Social do Tribunal Supremo e o seu efecto. *Anales de Dereito e Discapacidade*(4), pp.227-239.
- GALA DURÁN, C., (2013). A compatibilidade entre o traballo e a percepción das pensións por incapacidade permanente total, absoluta e gran invalidez tras a lei 27/2011. *Temas Laborales* (122), pp. 79-123.
- GARCÍA-RIPOLL MONTIJANO, M., (1995). O fundamento da colación hereditaria e a súa dispensa. *Anuario de dereito civil*, 48(3), pp. 1105-1196.
- GOERLICH PESET, JM (2019). Curso de Dereito Procesual Laboral. Valencia: Tirant lo Blanch.
- JIMÉNEZ LAZ, D., (2018). Dónde está o límite: A figura do falso autónomo. *Economist & Jurist*. (226), pp. 34-40.
- MERCADER UGUINA, J., ARAGÓN GÓMEZ, C., DÍAZ DE ATAURI, P., MORENO SOLANA, A., MUÑOZ, A., NIETO, P., PÉREZ, D. AND DE LA PUEBLA, A., (2013). A compatibilidade das prestacións do sistema da seguridade social e o traballo. Valladolid: Thomson Reuters Lex Nova.
- PÉREZ ALONSO, M.A (2015). O accidente de traballo e a enfermidade profesional. Valencia: Tirant lo Blanch,
- PERÉZ VELÁZQUEZ, J. (2021). Dereito de Sucesións. 3ªed Valencia: Tirant lo blanch.
- RIVAS MARTÍNEZ, JJ, *Dereito de sucesións común: estudos sistemático e xurisprudencial*. 1ªed. Valencia: Tirant lo Blanch.
- RODRÍGUEZ ELORRIETA, N. (2016). O falso autónomo: características e medidas

encamiñadas a súa protección. Revista Aranzadi Doctrinal (7). Editorial Aranzadi S.A.U, pp.163-184.

-SAMAYOA ESTRADA, G., (2015). ¿Heredar en vida?. *Escritura Pública* (96). Consejo General del Notariado, pp.50-55.

-VALDÉS ALONSO, A., (2012). A voltas coa presunción de existencia de accidente de traballo. *Documentación Laboral*, (94), pp.132-138.

-VALLESPÍN PÉREZ, D., (2018). A controversia figura dos << falsos autónomos >> dende a perspectiva do obxecto da proba. *Práctica de tribunais: revista de dereito procesal civil e mercantil*, (134), p.8.

-VICENTE-HERRERO MT, TERRADILLOS GARCÍA MJ, AGUADO BENEDÍ MJ, CAPDEVILA GARCÍA L, RAMÍREZ IÑIGUEZ DE LA TORRE MV, AGUILAR JIMÉNEZ E. Incapacidad y Discapacidad. Diferencias conceptuais e lexislativas. Disponible en : [http:// www.aeemt.com/](http://www.aeemt.com/)

## **XURISPRUDENCIA**

### **Tribunais superiores**

-STX de Galicia 995/2013 (Sala do Social), de 19 de febreiro.

-STX das Illas Canarias 333/2015 (Sala do Social), de 29 de abril.

-STX de Andalucía 259/2018 (Sala do Social), de 25 de xaneiro.

-STX de Madrid 1155/2019 (Sala do Social), de 27 de novembro.

### **Tribunal Supremo**

-STS de 13 de maio de 1986.

-STS de 20 de xuño de 2002.

-STS 502/2006 (sala do civil), de 29 de maio.

-STS 6549/2007 (sala do social), de 18 de setembro (ECLI:ES:TS:2007:6549).

-STS 1849/2008 (sala do social), de 30 de xaneiro (ECLI:ES:TS:2008:1849).

-STS 8101/2009 (sala do social), de 1 de decembro (ECLI:ES:TS:2009:8101).

-STS 4450/2010 (sala do social), de 20 de xullo (ECLI:ES:TS:2010:445).

-STS 5801/2009( sala do social), de 11 de xullo (ECLI:ES:TS:2011:5801).

-STS 4694/2012 (sala do social), de 12 de xuño (ECLI:ES:TS:2012:4694).

-STS 1094/2014 (sala do social), de 3 de marzo (ECLI:ES:TS:2014:1094).

-STS 738/2014 (sala do civil), de 19 de febreiro (ECLI:ES:TS:2015:1414).

-STS 127/2018 (sala do social), de 8 de febreiro (ECLI:ES:TS:2018:589).

-STS 992/2018 (sala do social), de 29 de novembro(ECLI:ES:TS:2018:4446).

- STS 993/2018 (sala do social), de 29 de novembro (ECLI:ES:TS:2018:4475).
- STS 994/2018 (sala do social), de 29 de novembro (ECLI:ES:TS:2018:4517).
- STS 95/2016 (sala do civil), de 19 de febreiro (ECLI:ES:TS:2016:618).
- STS 805/2020 (sala do social), de 25 de setembro (ECLI:ES:TS:2020:2924).
- STS 633/2020 (sala do social), de 9 de xullo (ECLI:ES:TS:2020:2562).

## **LEXISLACIÓN**

- Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Orde do 13 de outubro de 1967 pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento da prestación por incapacidade laboral transitoria no Réxime Xeral da Seguridade Social. Boletín Oficial do Estado, 4 de novembro de 1967, nº264, p.15166.
- Constitución Española.
- Orde de 18 de xaneiro de 1996 para a aplicación e desenvolvemento do Real Decreto 1300/1995, de 21 de xullo, sobre incapacidades laborais do sistema da Seguridade Social. Boletín Oficial do Estado, 26 de xaneiro de 1996, nº23, p.2532.
- Real Decreto Lexislativo 5/200, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social. Boletín Oficial do Estado, de 8 de agosto do 2000, nº189, p.28285.
- Real Decreto 1971/199, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalía. Boletín Oficial do Estado, 26 de xaneiro do 2000, nº 22, p.3317.
- Lei 2/2006, de 15 de xuño, de dereito civil de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 29 de xuño de 2006, nº124.
- Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Boletín Oficial do Estado, de 29 de novembro do 2006, nº 285, p.41734.
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia. Boletín Oficial do Estado, de 15 de decembro do 2006, nº299, p. 44142.
- Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Boletín Oficial do Estado, de 11 de outubro de 2011, nº245, p.106584.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social. Boletín Oficial do Estado, de 4 de decembro de 2013, nº289, p 95635.
- Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. Boletín Oficial do Estado, de 31 de outubro de 2015, nº261, p.103291.